

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**4233** *LEI ORGÁNICA 1/2007, do 28 de febreiro, de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears.* («BOE» 52, do 1-3-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 2/1983, do 25 de febreiro, de estatuto de autonomía das Illes Balears, supuxo o establecemento dun sistema de autogoberno e a consolidación do principio de cooperación entre os pobos que forman a comunidade insular. Esta lei, ao longo de 23 anos, sufriu dúas modificacións que dotaron a nosa autonomía dun maior contido de competencias e acomodaron as nosas institucións de autogoberno á nova realidade española e europea.

A positiva evolución do autogoberno, así como o aumento da poboación e un maior afondamento no recoñecemento do feito insular, xunto cunha tendencia xeneralizada cara a unha maior descentralización do Estado español, demandan unha adecuación do Estatuto de autonomía das Illes Balears para dar unha mellor resposta ás novas necesidades dos cidadáns.

Así mesmo, o sentimento e a idiosincrasia insulares deron un maior protagonismo a cada unha das illas e dos seus respectivos consellos insulares ao mesmo tempo que se apuntaba como un desexo xeneralizado o feito de que Formentera gozase do seu propio Consello Insular que xestionase, desde a mesma illa, a súa propia administración insular.

Por todos estes motivos, os deputados abaixo asinantes presentan a seguinte proposta de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears:

#### Artigo único.

Modifícase o Estatuto de autonomía das Illes Balears, aprobado mediante Lei orgánica 2/1983, do 25 de febreiro, dándose unha nova redacción ao seu preámbulo, a determinados artigos, a determinadas disposicións, adicionais e transitorias, ás denominacións de todos os seus artigos, dalgúns dos seus capítulos e títulos e de todas as súas disposicións, adicionais e transitorias; incorporando, así mesmo, determinados artigos, capítulos, títulos e disposicións adicionais e transitorias e renumerando todos os títulos, capítulos, artigos e disposicións adicionais e tran-

sitorias, de tal xeito que o texto do citado Estatuto de autonomía das Illes Balears é do seguinte teor:

### PREÁMBULO

Ao longo da súa historia, as Illes Balears forxaron a súa identidade coas achegas e enerxías de moitas xeracións, tradicións e culturas, que converxeron nesta terra de acollida. Así, as Illes Balears, pola confluencia dunha multiplicidade de pobos e de civilizacións ao longo da súa historia conformáronse nunha sociedade dinámica, cun patrimonio cultural e social, tanxible e intanxible, singular entre todas as culturas do Mediterráneo e do mundo; fundamentado, na súa máis íntima profundidade, nun dos valores universais incluíntes e non excluíntes.

Durante séculos, o pobo das Illes mantivo constante esta vocación e, na última etapa do século XX, exerceu o seu dereito á autonomía de acordo coa Constitución española vixente.

Actualmente, os pobos das Illes, herdeiros dunhas tradicións fundamentadas sobre a base dos principios irrenunciáveis de igualdade, democracia e convivencia pacífica e xusta, continúan proclamando estes valores como expresión dos valores superiores da súa vida colectiva.

E neste sentido, a nacionalidade histórica que forman as illas de Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera quere render homenaxe a todos os seus fillos que, ao longo de todos os tempos, afastados e próximos, traballaron para manter a identidade do noso pobo, o cal nos permitiu conseguir os fitos actuais grazas a eles.

Neste momento, ao cabo duns anos desta última etapa autonómica, con diferentes modificacións que permitiron avanzar no noso autogoberno, é hora de dar un paso máis e definir un novo marco de convivencia que nos permita afrontar o noso futuro con ilusión.

Así, as Illes Balears, mediante o seu Estatuto, pretenden continuar no seu proceso colectivo de avanzar cara ao seu autogoberno no marco do Estado español e a Unión Europea, de acordo co valor supremo: o sistema democrático que se inspira na liberdade, a xustiza, a paz, a igualdade e a defensa dos dereitos humanos, así como a solidariedade entre todos os pobos.

Desta maneira, o Estatuto declara que:

As Illes Balears son unha comunidade de persoas libres e para persoas libres, onde cada persoa pode vivir e expresar identidades diversas, con espírito decidido de cohesión, fundamentado no respecto á dignidade de todas e cada unha das persoas.

A achega de todos os habitantes das Illes configúranos como unha sociedade integradora, onde o esforzo é un valor, e a capacidade innovadora e emprendedora débese impulsar e debe continuar formando parte do noso talante, de sempre.

A lingua catalá, propia das Illes Balears, e a nosa cultura e tradicións, son elementos identificadores da nosa sociedade e, en consecuencia, elementos vertebradores da nosa identidade.

O Estatuto ampara a insularidade do territorio da Comunidade Autónoma como feito diferencial e merecedor de protección especial.

Para avanzar cara a unha sociedade moderna é imprescindible afondar e continuar apostando en valores de cohesión social, paz e xustiza, desenvolvemento sustentable, protección do territorio, e a igualdade de dereitos, especialmente a igualdade entre homes e mulleres.

Por todo iso, o Parlamento das Illes Balears, recollendo o sentimento maioritario de toda a cidadanía, e en exercicio do seu dereito para afondar no sistema autonómico, propón e as Cortes Xerais aproban o presente texto articulado do Estatuto de autonomía das Illes Balears.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Illes Balears.*

1. A nacionalidade histórica que forman as illas de Mallorca, de Menorca, de Ibiza e de Formentera, como expresión da súa vontade colectiva e no exercicio do dereito ao autogoberno que a Constitución reconece ás nacionalidades e ás rexións, constitúese en Comunidade Autónoma no marco da propia Constitución e deste Estatuto.

2. A denominación da Comunidade Autónoma é Illes Balears.

#### Artigo 2. *O territorio.*

O territorio da Comunidade Autónoma das Illes Balears é o formado polo das illas de Mallorca, Menorca, Ibiza, Formentera e Cabrera e polo das outras illas menores adxacentes.

#### Artigo 3. *Insularidade.*

1. O Estatuto ampara a insularidade do territorio da Comunidade Autónoma como feito diferencial e merecedor de protección especial.

2. Os poderes públicos, de conformidade co que establece a Constitución, garanten a realización efectiva de todas as medidas necesarias para evitar que do feito diferencial poidan derivar desequilibrios económicos ou de calquera outro tipo que vulneren o principio de solidariedade entre todas as comunidades autónomas.

#### Artigo 4. *A lingua propia.*

1. A lingua catalá, propia das Illes Balears, terá, xunto coa castelá, o carácter de idioma oficial.

2. Todos teñen o dereito de coñecerla e utilizala, e ninguén poderá ser discriminado por razón do idioma.

3. As institucións das Illes Balears garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas, tomarán as medidas necesarias para asegurar o seu coñecemento e crearán as condicións, que permitan chegar á igualdade plena das dúas linguas en canto aos dereitos dos cidadáns das Illes Balears.

#### Artigo 5. *Os territorios con vínculos lingüísticos e culturais coas Illes Balears.*

O Goberno ha de promover a comunicación, o intercambio cultural e a cooperación coas comunidades e os territorios, pertencentes ou non ao Estado español, que teñen vínculos lingüísticos e culturais coas Illes Balears. Para estes efectos, o Goberno das Illes Balears e o Estado, de acordo coas súas respectivas competencias, poderán

subscribir convenios, tratados e outros instrumentos de colaboración.

#### Artigo 6. *Os símbolos das Illes Balears.*

1. A bandeira das Illes Balears, integrada por símbolos distintivos lexitimados historicamente, estará constituída por catro barras vermellas horizontais sobre fondo amarelo, cun cuartel situado na parte superior esquerda de fondo morado e cun castelo branco de cinco torres en medio.

2. Cada illa poderá ter a súa bandeira, o seu día de celebración e os seus símbolos distintivos propios, por acordo do consello insular respectivo.

3. O día das Illes Balears é o 1 de marzo.

#### Artigo 7. *Capital das Illes Balears.*

A capital das Illes Balears é a cidade de Palma, que é a sede permanente do Parlamento, da Presidencia do Goberno e do Goberno, sen prexuízo de que o Parlamento e o Goberno se poidan reunir noutros lugares das Illes Balears, de acordo co que establecen, respectivamente, o regulamento do Parlamento e a lei.

#### Artigo 8. *A organización territorial.*

1. A Comunidade Autónoma articula a súa organización territorial en illas e en municipios. As institucións de goberno das illas son os consellos insulares, e as dos municipios, os concellos.

2. Esta organización será regulada, no marco da lexislación básica do Estado, por lei do Parlamento das Illes Balears, de acordo con este Estatuto e cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración, delegación e coordinación entre os organismos administrativos e de autonomía nos seus ámbitos respectivos.

#### Artigo 9. *A condición política dos insulares.*

1. Para os efectos deste Estatuto, teñen a condición política de cidadáns da Comunidade Autónoma os españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios das Illes Balears.

2. Gozan dos dereitos políticos definidos neste Estatuto os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a súa última veciñanza administrativa nas Illes Balears e acrediten esta condición no correspondente consulado de España. Gozan tamén destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se o solicitan, na forma que determine a lei do Estado.

3. Os estranxeiros que, tendo veciñanza en calquera dos municipios das Illes Balears, adquiran a nacionalidade española quedan suxeitos ao dereito civil das Illes Balears excepto no caso en que manifesten a súa vontade en sentido contrario.

#### Artigo 10. *As disposicións dos poderes públicos das Illes Balears.*

As normas, as disposicións e o dereito civil da Comunidade Autónoma teñen eficacia no seu territorio, sen prexuízo das normas para resolver os conflitos de leis e das excepcións que se poidan establecer en cada materia.

#### Artigo 11. *Comunidades insulares fóra do territorio.*

1. As comunidades baleares establecidas fóra do territorio da Comunidade Autónoma poderán solicitar como tales o recoñecemento da súa personalidade de orixe, entendida como o dereito a colaborar e compartir a

vida social e cultural das illas. Unha lei do Parlamento das Illes Balears regulará, sen prexuízo das competencias do Estado, o alcance e contido do recoñecemento mencionado que, en ningún caso, implicará a concesión de dereitos políticos.

2. A Comunidade Autónoma poderá solicitar do Estado español que, para facilitar a disposición anterior, celebre, se é o caso, os pertinentes tratados internacionais.

#### Artigo 12. *Principios reitores da actividade pública.*

1. A Comunidade Autónoma fundamenta o dereito ao autogoberno nos valores do respecto á dignidade humana, á liberdade, á igualdade, á xustiza, á paz e aos dereitos humanos.

2. Este estatuto reafirma, no marco das competencias da Comunidade Autónoma, os dereitos fundamentais que emanan da Constitución, da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, do Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e dos tratados e os acordos sobre a materia ratificados polo Estado.

3. As institucións propias da Comunidade Autónoma das Illes Balears, para cumprir as finalidades que lles son propias e no marco das competencias que lles atribúe este estatuto, deben promover, como principios reitores da política económica e social, o desenvolvemento sustentable encamiñado á plena ocupación, á cohesión social e ao progreso científico e técnico de maneira que asegure a toda a cidadanía o acceso aos servizos públicos e o dereito á saúde, á educación, á vivenda, á protección social, ao ocio e á cultura.

4. As institucións propias deben orientar a función do poder público no sentido de consolidar e desenvolver as características de nacionalidade común dos pobos de Mallorca, de Menorca, de Ibiza e de Formentera, así como as peculiaridades de cada illa como vínculo de solidariedade entre elas.

## TÍTULO II

### **Dos dereitos, os deberes e as liberdades dos cidadáns das Illes Balears**

#### Artigo 13. *Dereitos, deberes e liberdades recoñecidos aos cidadáns das Illes Balears.*

1. Os cidadáns das Illes Balears, como cidadáns españois e europeos, son titulares dos dereitos, deberes e liberdades recoñecidos na Constitución, no ordenamento da Unión Europea e nos instrumentos internacionais de protección dos dereitos humanos, individuais e colectivos: en particular, na Declaración de Dereitos Humanos, nos pactos internacionais de dereitos civís e políticos e de dereitos económicos, sociais e culturais; na Convención Europea de Dereitos do Home e Liberdades Fundamentais e na Carta Social Europea.

2. Os poderes públicos da Comunidade Autónoma das Illes Balears están vinculados por estes dereitos e liberdades e velarán pola súa protección e respecto, así como polo cumprimento dos deberes.

3. Os dereitos e principios do presente título non supoñerán unha alteración do réxime de distribución de competencias, nin a creación de títulos competenciais novos ou a modificación dos xa existentes. Ningunha das disposicións deste título pode ser desenvolvida, aplicada ou interpretada de forma que reduza ou limite os dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución e polos tratados e convenios internacionais ratificados por España.

#### Artigo 14. *Dereitos en relación coas administracións públicas.*

1. Sen prexuízo do que dispón a lexislación básica do Estado, unha lei do Parlamento das Illes Balears regulará o dereito a unha boa administración e ao acceso aos arquivos e rexistros administrativos das institucións e Administracións públicas das Illes Balears.

2. Todos os cidadáns teñen dereito a que as administracións públicas das Illes Balears tratan os seus asuntos de forma obxectiva e imparcial e nun prazo razoable, a gozar de servizos públicos de calidade, así como a acceder á función pública en condicións de igualdade e segundo os principios constitucionais de mérito e capacidade.

3. Os cidadáns das Illes Balears terán dereito a se dirixir á Administración da Comunidade Autónoma en calquera das súas dúas linguas oficiais e a recibir resposta na mesma lingua utilizada.

4. No ámbito das súas competencias, a Comunidade Autónoma garantirá a calidade dos servizos da Administración de Xustiza, a atención ás vítimas e o acceso á xustiza gratuíta.

5. As administracións públicas das Illes Balears garantirán políticas de protección e defensa de consumidores e usuarios e das súas asociacións, así como do seu dereito a ser informados e a intervir, directamente ou a través dos seus representantes, ante as administracións públicas das Illes Balears de acordo coa lexislación do Estado e as leis do Parlamento.

#### Artigo 15. *Dereitos de participación.*

1. Todos os cidadáns das Illes Balears teñen dereito a participar de forma individual ou colectiva na vida política, económica, cultural e social da Comunidade Autónoma. Os poderes públicos promoverán a participación dos axentes económicos e sociais do conxunto da sociedade civil nos asuntos públicos.

2. Os cidadáns das Illes Balears teñen o dereito a participar en condicións de igualdade nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, nos termos que establecen a Constitución, este estatuto e as leis. Este dereito comprende:

a) O dereito a elixir os membros dos órganos representativos da Comunidade Autónoma e a concorrer como candidato a estes.

b) O dereito a promover e presentar iniciativas lexislativas ante o Parlamento das Illes Balears e a participar na elaboración de leis, directamente ou mediante entidades asociativas, nos termos que estableza a lei.

c) O dereito a promover a convocatoria de consultas populares polo Goberno das Illes Balears, consellos insulares ou polos concellos nos termos que estableza a Constitución española e as leis.

d) O dereito de petición individual e colectiva nos termos que establezan as leis do Estado.

#### Artigo 16. *Dereitos sociais.*

1. Os poderes públicos das Illes Balears defenderán e promoverán os dereitos sociais dos cidadáns das Illes Balears, que representan un ámbito inseparable do respecto dos valores e dereitos universais das persoas e que constitúen un dos fundamentos cívicos do progreso económico, cultural e tecnolóxico da Comunidade Autónoma.

2. Mediante unha lei do Parlamento elaborárase a Carta de Dereitos Sociais da Comunidade Autónoma das Illes Balears, como expresión do espazo cívico de convivencia social dos cidadáns das Illes Balears, que conterá o conxunto de principios, dereitos e directrices que informan a actuación pública das administracións públicas das Illes Balears no ámbito da política social.

3. En todo caso, a actuación das administracións públicas das Illes Balears deberase centrar primordialmente nos seguintes ámbitos: a defensa integral da familia; os dereitos das parellas estables; a protección específica e a tutela social do menor; a non-discriminación e os dereitos das persoas dependentes e das súas familias á igualdade de oportunidades, a súa participación e protección, á integración e á accesibilidade universal en calquera ámbito da vida pública, social, educativa e económica; a protección e atención integral das persoas maiores para a promoción da súa autonomía persoal e do envellecemento activo que lles permita unha vida digna e independente e o seu benestar social e individual; a articulación de políticas que garantan a participación da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural; a asistencia social ás persoas que padeczan marxinação, pobreza ou exclusión social; a igualdade de dereitos de homes e mulleres en todos os ámbitos, en particular, en materia de emprego e traballo; a protección social contra a violencia, especialmente a violencia de xénero; os dereitos e a atención social dos inmigrantes con residencia permanente na Comunidade Autónoma das Illes Balears.

4. As administracións públicas, no marco das súas competencias respectivas, promoverán as condicións necesarias para que os dereitos sociais dos cidadáns das Illes Balears e dos grupos e colectivos en que se integran sexan obxecto dunha aplicación real e efectiva.

#### Artigo 17. *Non-discriminación por razón de sexo.*

1. Todas as mulleres e homes teñen dereito ao libre desenvolvemento da súa personalidade e capacidade persoal, e a vivir con dignidade, seguranza e autonomía.

2. As administracións públicas, segundo a Carta de Dereitos Sociais, velarán en todo caso para que as mulleres e os homes poidan participar plenamente na vida laboral, social, familiar e política sen discriminacións de ningún tipo e garantirán que o fagan en igualdade de condicións. Para estes efectos garantirase a conciliación da vida familiar e laboral.

3. Todas as persoas teñen dereito a non ser discriminadas por razón da súa orientación sexual.

#### Artigo 18. *Dereitos no ámbito cultural e en relación coa identidade do pobo das Illes Balears e coa creatividade.*

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder en condicións de igualdade á cultura, á protección e á defensa da creatividade artística, científica e técnica, tanto individual como colectiva.

Os poderes públicos procurarán a protección e defensa da creatividade na forma que determinen as leis.

2. Todas as persoas teñen dereito a que os poderes públicos promovan a súa integración cultural.

3. Os poderes públicos das Illes Balears velarán pola protección e a defensa da identidade e os valores e intereses do pobo das Illes Balears e o respecto á diversidade cultural da Comunidade Autónoma e ao seu patrimonio histórico.

#### Artigo 19. *Dereitos en relación coas persoas dependentes.*

1. As administracións públicas das Illes Balears, segundo a Carta de Dereitos Sociais, garantirán en todo caso a toda persoa dependente, o dereito ás prestacións públicas necesarias para asegurar a súa autonomía persoal, a súa integración socio-profesional e a súa participación na vida social da comunidade.

2. As administracións públicas das Illes Balears procurarán ás persoas dependentes a súa integración mediante unha política de igualdade de oportunidades,

desenvolvendo medidas de acción positiva, e garantirán a accesibilidade espacial das instalacións, os edificios e os servizos públicos.

3. As administracións públicas das Illes Balears garantirán o uso da lingua propia das persoas xordas, que deberá ser obxecto de ensinanza, protección e respecto.

#### Artigo 20. *Catástrofes.*

Os poderes públicos velarán polos dereitos e as necesidades das persoas que padecesen danos causados por catástrofes.

#### Artigo 21. *Pobreza e inserción social.*

Co fin de combater a pobreza e facilitar a inserción social, os poderes das Illes Balears garanten o dereito dos cidadáns das Illes Balears en estado de necesidade á solidariedade e a unha renda mínima de inserción nos termos previstos na lei.

#### Artigo 22. *Dereito de acceso a unha vivenda digna.*

As administracións públicas das Illes Balears garantirán o dereito de acceso a unha vivenda digna dos cidadáns das Illes Balears. Por lei regularanse as axudas para promover este dereito, especialmente a favor dos mozos, das persoas sen medios, das mulleres maltratadas, das persoas dependentes e daquelas outras en cuxo caso estean xustificadas as axudas.

#### Artigo 23. *Ambiente.*

1. Toda persoa ten dereito a gozar dunha vida e un ambiente seguro e san. As administracións públicas das Illes Balears, no ámbito das súas competencias, protexerán o ambiente e impulsarán un modelo de desenvolvemento equitativo, territorialmente equilibrado e sustentable.

2. Os poderes públicos da Comunidade Autónoma velarán pola defensa e a protección da natureza, do territorio, do ambiente e da paisaxe. Establecerán políticas de xestión, ordenación e mellora da súa calidade, harmonizando as transformacións que se producen pola evolución social, económica e ambiental. Así mesmo, a Comunidade Autónoma cooperará coas instancias nacionais e internacionais na avaliación e nas iniciativas relacionadas co ambiente e o clima.

3. As administracións públicas das Illes Balears promoverán políticas de equilibrio territorial entre as zonas costeiras e as do interior.

#### Artigo 24. *Actividade turística e sector primario.*

1. Os poderes públicos da Comunidade Autónoma recoñecerán a actividade turística como elemento económico estratéxico das Illes Balears. O fomento e a ordenación da actividade turística deben levarse a cabo co obxectivo de facela compatible co respecto ao ambiente, ao patrimonio cultural e ao territorio, así como co impulso de políticas xerais e sectoriais de fomento e ordenación económica que teñan como finalidade favorecer o crecemento económico a medio e longo prazo.

2. Desde o recoñecemento social e cultural do sector primario das Illes Balears e do seu importante labor na actividade produtiva, no mantemento da paisaxe, do territorio, do ambiente, da cultura, das tradicións e costumes máis definitorios da identidade balear, as administracións públicas das Illes Balears adoptarán as medidas políticas, xurídicas e lexislativas que garantan os dereitos deste sector e dos seus agricultores e gandeiros no seu desenvolvemento e protección.

**Artigo 25. Saúde.**

1. Garántese o dereito á prevención e á protección da saúde mediante un sistema sanitario público de carácter universal.

2. Todas as persoas con relación aos servizos sanitarios teñen dereito a ser informadas sobre os servizos a que poden acceder e os requisitos necesarios para usalos e sobre os tratamentos médicos e os seus riscos, antes de que lles sexan aplicados; a dar o consentimento para calquera intervención; a acceder á súa historia clínica propia e á confidencialidade dos datos relativos á propia saúde, nos termos que establecen as leis.

3. Todas as persoas con relación aos servizos sanitarios teñen dereito ao coñecemento e á exixencia de cumprimento dun prazo máximo para que lles sexa aplicado un tratamento; a ser informadas de todos os dereitos que as asisten e a non padecer ningún tratamento ou práctica degradante.

4. Todas as persoas teñen dereito a un adecuado tratamento da dor e a cuidados paliativos, así como a declarar a súa vontade vital anticipada, que se deberá respectar nos termos que estableza a lei.

**Artigo 26. Educación.**

1. Todas as persoas teñen dereito a unha educación de calidade e acceder a ela en condicións de igualdade.

2. Todos teñen dereito a acceder en condicións de igualdade aos centros educativos sostidos con fondos públicos.

3. Garantírase a gratuidade do ensino nos niveis obrigatorios e nos demais niveis que sexan establecidos por lei.

4. As persoas con necesidades educativas especiais por razóns de enfermidade ou discapacidade teñen dereito a acceder a unha educación adaptada.

5. Todas as persoas teñen dereito a acceder á formación profesional e á educación permanente nos termos que estableza a lei.

6. Os membros da comunidade educativa teñen dereito a participar nos asuntos escolares e universitarios nos termos establecidos pola lei.

**Artigo 27. Dereitos relativos á ocupación e ao traballo.**

1. No ámbito das súas competencias, as administracións públicas das Illes Balears impulsarán a formación permanente, o acceso gratuíto aos servizos públicos de ocupación e á ocupación estable e de calidade en que se garanten a seguranza, a dignidade e a saúde no traballo.

2. Proclámase o valor da concertación e do diálogo social como instrumento indispensable de cohesión social, e do papel institucional que en tal resultado teñen os interlocutores sociais máis representativos, por iso se lles recoñecer aos que cumplan as condicións previstas no ordenamento xurídico, as facultades e prerrogativas institucionais que teñen asignadas e a súa ineludible participación na vida administrativa pública, xa que con iso contribúen á satisfacción dos intereses xerais mediante o exercicio da súa función.

**Artigo 28. Datos persoais e ficheiros.**

Todas as persoas teñen dereito ao acceso, á protección, á corrección e á cancelación dos seus datos persoais que figuren nos ficheiros de titularidade das administracións públicas da Comunidade Autónoma e dos entes ou organismos de calquera clase vinculados ou dependentes destas.

**Artigo 29. Novas tecnoloxías e sociedade da información.**

No ámbito das súas competencias, os poderes públicos das Illes Balears impulsarán o acceso ás novas tecnoloxías, á plena integración na sociedade da información e á incorporación dos procesos de innovación.

**TÍTULO III****Das competencias da Comunidade Autónoma das Illes Balears****Artigo 30. Competencias exclusivas.**

A Comunidade Autónoma ten a competencia exclusiva nas seguintes materias, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1 da Constitución:

1. Organización, réxime e funcionamento das súas institucións propias no marco deste Estatuto.

2. Alteracións dos termos municipais e denominación oficial dos municipios e topónimos.

3. Ordenación do territorio, incluíndo o litoral, o urbanismo e a vivenda.

4. Obras públicas no territorio da Comunidade Autónoma que non sexan de interese xeral do Estado.

5. Ferrocarrís, estradas e camiños. O transporte realizado por estes medios, por cable e por encanamentos. Portos, aeroportos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado, e portos de refuxio, portos, aeroportos e heliportos deportivos.

6. Transporte marítimo, exclusivamente entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma, sen conexión con outros portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

7. Centros de contratación e terminais de carga en materia de transportes. Delimitación das zonas de servizos dos portos e aeroportos sinalados no punto 5 deste mesmo artigo.

8. Réxime de augas e aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos. Augas minerais e termais. Ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos. Medidas ordinarias e extraordinarias para garantir a subministración. Participación dos usuarios.

9. Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pasteiros. Tratamento especial das zonas de montaña.

10. Agricultura e gandaría. Calidade, rastrexabilidade e condicións dos produtos agrícolas e gandeiros e dos produtos alimenticios que deles derivan. O exercicio destas competencias realizarase de acordo coa ordenación xeral da economía.

11. Turismo. Ordenación e planificación do sector turístico. Promoción turística. Información turística. Oficinas de promoción turística no exterior. Regulación e clasificación das empresas e dos establecementos turísticos. Regulación das liñas públicas propias de apoio e promoción do turismo.

12. Deporte e lecer. Fomento, planificación e coordinación das actividades deportivas e de lecer. Regulación e declaración de utilidade pública das entidades deportivas.

13. Xuventude. Deseño e aplicación de políticas, plans e programas destinados á mocidade.

14. Terceira idade.

15. Acción e benestar social. Desenvolvemento comunitario e integración. Voluntariado social. Complementos da seguranza social non contributiva. Políticas de protección e apoio ás persoas con discapacidades físicas, psíquicas e sensoriais. Políticas de atención a persoas dependentes. Políticas de atención ás persoas e aos colectivos en situación de pobreza ou necesidade social.

16. Protección social da familia, conciliación da vida familiar e laboral.

17. Políticas de xénero.

18. Artesanía. Fomento da competitividade, a capacitación e o desenvolvemento das empresas artesanais. Promoción de produtos artesanais. Creación de canles de comercialización.

19. Vixilancia e protección dos seus edificios e das súas instalacións. Coordinación e demais facultades en relación coas policía locais, nos termos que estableza unha lei orgánica.

20. Feiras e mercados non internacionais.

21. Fomento do desenvolvemento económico no territorio da Comunidade Autónoma, de acordo coas bases e a coordinación xeral da actividade económica.

22. Pesca e actividades recreativas en augas interiores, cría e recollida de marisco, acuicultura.

23. Caza. Regulación, vixilancia e aproveitamento dos recursos cinxéticos.

24. Arquivos, bibliotecas e museos que non sexan de titularidade estatal. Conservatorios de música, servizos de belas artes, hemerotecas e institucións similares.

25. Patrimonio monumental, cultural, histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, científico e paisaxístico, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28.<sup>a</sup> da Constitución.

26. Cultura. Actividades artísticas e culturais. Fomento e difusión da creación e da produción teatral, musical, cinematográfica e audiovisual, literaria, de danza e de artes combinadas, así como a súa difusión nacional e internacional.

27. Conservación, modificación e desenvolvemento do dereito civil propio das Illes Balears, incluída a determinación do seu sistema de fontes, excepto as regras relativas á aplicación e á eficacia das normas xurídicas, as relacións xurídico-civís relativas ás formas de matrimonio, á ordenación dos rexistros e dos instrumentos públicos, ás bases das obrigas contractuais, as normas para resolver os conflitos de leis e a determinación das fontes do dereito de competencia estatal.

28. Ordenación da facenda da Comunidade Autónoma, de acordo co que establece este Estatuto.

29. Casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuas deportivo-benéficas.

30. Cooperativas, pósitos e mutualidades de previsión social complementarias ou alternativas ao sistema de Seguridade Social, sen prexuízo da lexislación mercantil.

31. Espectáculos e actividades recreativas.

32. Estatísticas de interese para a Comunidade Autónoma. Organización e xestión dun sistema estatístico propio.

33. Fundacións e asociacións que desenvolvan principalmente as súas funcións nas Illes Balears, respectando a reserva de lei orgánica.

34. Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguranza, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos ou enerxía nuclear. O exercicio da competencia realizarase de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral. Seguranza das instalacións, dos procesos e dos produtos industriais.

35. Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía, cando o transporte non saia da comunidade e o seu aproveitamento non afecte outra comunidade autónoma, respectando o establecido no número 25 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

36. Procedemento administrativo derivado das especialidades da organización propia.

37. Publicidade, sen prexuízo da lexislación mercantil.

38. Servizo meteorolóxico da Comunidade Autónoma.

39. Protección de menores.

40. Establecementos de bolsas de valores e establecemento e regulación de centros de contratación de mercadorías situados ou que operen no territorio da Comunidade Autónoma, de conformidade coa lexislación mercantil.

41. Caixas de aforro e institucións de crédito cooperativo público e territorial, respectando o que estableza o Estado en exercicio das competencias que lle atribúen os artigos 149.1.11 e 149.1.13 da Constitución.

42. Comercio interior, sen prexuízo do disposto nos artigos 38, 131 e nos números 11 e 13 do punto 1 do artigo 149 da Constitución. Ordenación da actividade comercial. Regulación dos calendarios e horarios comerciais con respecto ao principio de unidade de mercado. Modalidades de venda, sen prexuízo da lexislación mercantil. Condicións para exercer a actividade comercial e o establecemento das normas de calidade en materia de comercio. Promoción da competencia no ámbito autonómico, sen prexuízo da lexislación estatal e europea e establecemento e regulación dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma.

43. Denominacións de orixe e demais indicacións de procedencia relativas aos produtos da Comunidade Autónoma.

44. Investigación, innovación e desenvolvemento científico e técnico. Establecemento de liñas propias de investigación e seguimento, control e evolución dos proxectos.

45. Organización local, respectando o previsto nos artigos 140, 141 e 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución.

46. Protección do ambiente, ecoloxía e espazos naturais protexidos, sen prexuízo da lexislación básica do Estado. Normas adicionais de protección do ambiente.

47. Defensa dos consumidores e dos usuarios, no marco das bases e a ordenación da actividade económica xeral e no marco das bases e a coordinación xeral da sanidade, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e nos números 11, 13 e 16 do punto 1 do artigo 149 da Constitución. Regulación e fomento das asociacións de consumidores e usuarios. Regulación dos procedementos de mediación.

48. Espectáculos e actividades recreativas.

49. Organización, funcionamento e control dos centros sanitarios públicos e dos servizos de saúde. Planificación dos recursos sanitarios. Coordinación da sanidade privada co sistema sanitario público. Promoción da saúde en todos os ámbitos, no marco das bases e a coordinación xeral da sanidade. Ordenación farmacéutica, no marco do que dispón o número 16, punto 1, do artigo 149 da Constitución.

50. Integración social e económica do inmigrante.

51. Pesca marítima nas augas das Illes Balears.

52. Bens de dominio público e patrimoniais da súa titularidade.

#### Artigo 31. *Competencias de desenvolvemento lexislativo e execución.*

No marco da lexislación básica do Estado, correspóndelle á Comunidade Autónoma das Illes Balears o desenvolvemento lexislativo e a execución das seguintes materias:

1. Réxime xurídico e sistema de responsabilidade da Administración da Comunidade Autónoma.

2. Normas procesuais derivadas das peculiaridades do dereito substantivo das Illes Balears.

3. Estatuto dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma e da administración local.

4. Saúde e sanidade. Formación sanitaria especializada. Sanidade vexetal e animal.

5. Contratos e concesións administrativas no ámbito substantivo de competencias da Comunidade Autónoma.

6. Ordenación e planificación da actividade económica das Illes Balears.

7. Medios de comunicación social.

8. Ordenación do sector pesqueiro.

9. Corporacións de dereito público, representativas de intereses económicos e profesionais.

10. Sistemas de consultas populares no ámbito das Illes Balears, de conformidade coas leis a que se refiren o punto 3 do artigo 92 e o número 32 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

11. Protección civil. Emerxencias.

12. Seguraza social, exceptuando as normas que configuran o seu réxime económico.

13. Réxime local.

14. A protección de datos de carácter persoal respecto dos ficheiros de titularidade das administracións públicas da Comunidade Autónoma e os entes ou organismos de calquera clase vinculados ou dependentes destas.

15. Réxime mineiro e enerxético.

16. Axencias de transportes. Alugamento de vehículos.

17. Actividades clasificadas.

#### Artigo 32. *Competencias executivas.*

Correspóndelle á Comunidade Autónoma das Illes Balears, nos termos que se establezan nas leis e normas regulamentarias que, en desenvolvemento da súa lexislación, dite o Estado, a función executiva nas seguintes materias:

1. Expropiación forzosa.

2. Ordenación do transporte de viaxeiros e mercadorías que teñan a súa orixe e o seu destino dentro do territorio da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da execución directa que delas se reserve a Administración xeral do Estado.

3. Feiras internacionais.

4. Réxime económico da Seguridade Social respectando os principios de unidade económico-patrimonial e solidariedade financeira da Seguridade Social.

5. Xestión de museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal que non reserve para si o Estado. Os termos da xestión fixaranse mediante convenios.

6. Pesos e medidas. Contraste de metais.

7. Plans establecidos polo Estado para a implantación ou a reestruturación de sectores económicos.

8. Produtos farmacéuticos.

9. Propiedade industrial.

10. Propiedade intelectual.

11. Lexislación laboral. Formación profesional continua.

12. Salvamento marítimo.

13. Crédito, banca e seguros.

14. Sector público estatal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, que participará nas actividades que correspondan.

15. Portos e aeroportos con cualificación de interese xeral, cando o Estado non reserve para si a súa xestión. A Comunidade Autónoma pode participar na xestión destes portos e aeroportos de conformidade co previsto nas leis do Estado.

16. Verteduras industriais e contaminadas nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral das Illes Balears.

17. A xestión do dominio público marítimo-terrestre, respectando o réxime xeral do dominio público, especialmente no que se refire á concesión de autorizacións; a execución de obras e actuacións no litoral que non sexan de interese xeral; a policía administrativa na zona de dominio público marítimo-terrestre e as concesións e os

amarres. Para estes efectos, enténdese por dominio público marítimo-terrestre o comprendido tanto polo ámbito terrestre como polas augas interiores e o mar territorial.

18. A inmigración nos termos previstos na Constitución e na lexislación do Estado.

19. Seguraza privada, cando así o estableza a lexislación do Estado.

20. Defensa da competencia no ámbito autonómico, nos termos establecidos na lexislación estatal e europea.

#### Artigo 33. *Policía das Illes Balears.*

1. É competencia das Illes Balears a creación e a organización dun corpo de policía propio no marco da lexislación estatal.

Nos mesmos termos correspóndelle á Comunidade Autónoma o mando da policía das Illes Balears que levará a cabo as súas funcións, baixo a directa dependencia das institucións das Illes Balears.

2. As funcións da policía das Illes Balears fíxanse na súa lei de creación de acordo coa lexislación estatal.

#### Artigo 34. *Protección e fomento da cultura.*

1. A Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva respecto da protección e o fomento da cultura autóctona e do legado histórico das Illes Balears.

2. No desenvolvemento desta competencia poderá crear os organismos adecuados.

#### Artigo 35. *Ensino da lingua propia.*

A Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva para o ensino da lingua catalá, propia das Illes Balears, de acordo coa tradición literaria autóctona. Normalizala será un obxectivo dos poderes públicos da Comunidade Autónoma. As modalidades insulares do catalán, de Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera serán obxecto de estudo e protección, sen prexuízo da unidade da lingua.

A institución oficial consultiva para todo o que se refire á lingua catalá será a Universidade das Illes Balears. A Comunidade Autónoma das Illes Balears poderá participar nunha institución dirixida a salvagardar a unidade lingüística, formada por todas as comunidades que recoñezan a cooficialidade da lingua catalá.

#### Artigo 36. *Ensino.*

De acordo co que dispón o artigo 27 e o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución en materia de ensino, correspóndelle á Comunidade Autónoma das Illes Balears:

1. En materia de ensino non universitario, a competencia exclusiva na creación, a organización e o réxime dos centros públicos; réxime de bolsas e axudas con fondos propios, a formación e o perfeccionamento do persoal docente; servizos educativos e actividades extraescolares complementarias en relación cos centros públicos e privados sustentados con fondos públicos, en colaboración cos órganos de participación dos pais e as nais dos seus alumnos.

2. Correspóndelle á Comunidade Autónoma das Illes Balears a competencia de desenvolvemento lexislativo e de execución do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

3. En materia de ensino non universitario, a competencia executiva sobre a expedición e a homologación dos títulos académicos e profesionais estatais.

4. En materia de ensino universitario, a Comunidade Autónoma das Illes Balears ten competencia exclusiva, sen prexuízo da autonomía universitaria, na programación e a coordinación do sistema universitario, no finan-

ciamento propio das universidades e na regulación e a xestión do sistema propio de bolsas e axudas.

#### Artigo 37. *Exercicio das competencias da Comunidade Autónoma.*

O exercicio de todas as competencias da Comunidade Autónoma realizarase de acordo cos termos que dispón a Constitución.

#### Artigo 38. *Competencias inherentes ao pleno exercicio.*

No ámbito das competencias que neste Estatuto se lle atribúen, correspóndenlles ás Illes Balears, ademais das facultades expresamente recollidas, todas aquelas que resulten inherentes ao seu pleno exercicio.

### TÍTULO IV

#### Das institucións da Comunidade Autónoma das Illes Balears

#### Artigo 39. *As institucións.*

O sistema institucional autonómico está integrado polo Parlamento, o Goberno, o presidente da Comunidade Autónoma e os consellos insulares de Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera sen prexuízo da súa autonomía constitucionalmente garantida.

### CAPÍTULO I

#### Do Parlamento

#### Artigo 40. *Funcións e sede do Parlamento.*

1. O Parlamento representa o pobo das Illes Balears, exerce a potestade lexislativa, aproba os orzamentos da Comunidade Autónoma, controla a acción de goberno e exerce todas as competencias que lle atribúen este Estatuto, as leis do Estado e as do mesmo Parlamento.

2. O Parlamento é inviolable e só poderá ser disolto nos supostos previstos neste estatuto.

3. A sede do Parlamento das Illes Balears radica na cidade de Palma.

#### Artigo 41. *Composición e réxime electoral.*

1. O Parlamento estará formado polos deputados do territorio autónomo, elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, mediante un sistema de representación proporcional que asegurará unha adecuada representación de todas as zonas do territorio.

2. A duración do mandato dos deputados será de catro anos.

3. As circunscricións electorais son as de Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera.

4. Unha lei do Parlamento, aprobada por maioría cualificada de dous terzos, regulará o total de deputados que deben integralo, o número de deputados que debe corresponder elixir en cada unha das circunscricións electorais e as causas de inelixibilidade e de incompatibilidade que os afecten.

5. O Parlamento constituirase no prazo máximo de trinta días despois da celebración das eleccións.

#### Artigo 42. *Elixibles.*

Poderán ser elixidos deputados do Parlamento os cidadáns españois residentes nas Illes Balears e inscritos no censo electoral destas, sempre que sexan maiores de

idade e se atopen en Pleno exercicio dos seus dereitos civís e políticos.

#### Artigo 43. *Electores.*

Serán electores todos os cidadáns españois maiores de idade que figuren no censo electoral das Illes Balears.

#### Artigo 44. *Estatuto dos deputados.*

1. Os deputados do Parlamento das Illes Balears non estarán vinculados por mandato imperativo ningún e gozarán, aínda despois de cesar no seu mandato, de inviolabilidade polas opinións manifestadas e polos votos emitidos no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos, salvo en caso de flagrante delito; en todo caso, corresponderá decidir a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears. Fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma, a responsabilidade penal seralles exixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

2. O voto dos deputados é persoal e indelegable.

#### Artigo 45. *Organización e funcionamento.*

1. O Parlamento terá un presidente, unha mesa e unha Deputación Permanente. O regulamento regulará a súa composición e as súas regras de elección.

2. O Parlamento funcionará en Pleno e en comisións. As comisións permanentes poderán elaborar e aprobar leis por delegación expresa do Pleno, sen prexuízo da facultade deste para reclamar o seu debate e aprobación en calquera momento do proceso lexislativo. Quedan exceptuadas da dita delegación as leis de bases e os orzamentos da Comunidade Autónoma.

3. O Parlamento poderá crear comisións especiais de investigación.

4. O Parlamento reunirse durante oito meses ao ano, en dous períodos de sesións comprendidos entre setembro e decembro, o primeiro, e entre febreiro e xuño, o segundo.

O Parlamento reunirse en sesión extraordinaria, por petición do Goberno ou por acordo da Deputación Permanente ou do Pleno, por proposta dunha quinta parte dos deputados. A sesión extraordinaria acabará unha vez finalizada a orde do día determinada para a que foi convocada.

5. Os acordos, sexan no Pleno, sexan nas comisións, para que sexan válidos, deberán ser adoptados en sesións convocadas regulamentariamente, coa asistencia da maioría dos seus compoñentes e por aprobación da maioría dos presentes, excepto naqueles casos en que a lei ou o regulamento exixan un quórum máis elevado.

6. O Parlamento debe establecer o seu propio regulamento, que regulará os períodos de sesións, o réxime e o lugar das sesións, a formación de grupos parlamentarios e a súa intervención no proceso lexislativo, as funcións da xunta de voceiros, e demais cuestións necesarias ou pertinentes para o bo funcionamento do Parlamento.

A aprobación e a reforma do Regulamento requirirán a maioría absoluta dos compoñentes do Parlamento.

#### Artigo 46. *Deputación Permanente.*

1. O Parlamento elixirá unha Deputación Permanente, na cal estarán representados todos os grupos parlamentarios, en proporción á súa respectiva importancia numérica. Estará presidida polo presidente do Parlamento.

2. A Deputación Permanente terá por función velar polo poder do Parlamento cando este non se atope reunido, fose disolto ou expirase o seu mandato. Nestes

dous últimos casos, seguirá exercendo as súas funcións ata que se constitúa o novo Parlamento, ao cal renderá contas da xestión realizada.

#### Artigo 47. *Iniciativa da potestade lexislativa.*

1. A iniciativa para o exercicio da potestade lexislativa correspóndelles aos deputados e ao Goberno das Illas.

2. Os consellos insulares poderán solicitar do Goberno a adopción dun proxecto de lei ou remitirle á mesa do Parlamento unha proposición de lei, delegando ante a dita cámara un máximo de tres membros encargados da súa defensa.

3. A iniciativa popular exercerase na forma e nas condicións que estableza a lei.

#### Artigo 48. *Potestade lexislativa.*

1. O Parlamento, mediante a elaboración de leis, exerce a potestade lexislativa. O Parlamento poderá delegar no Goberno da Comunidade Autónoma a potestade de ditar normas con rango de lei, nos mesmos termos e supostos de delegación previstos na Constitución. Non poderán ser obxecto de delegación a aprobación das leis que necesitan, para ser aprobadas, unha maioría especial.

2. As leis do Parlamento serán promulgadas en nome do Rei polo presidente da Comunidade Autónoma, quen ordenará a súa publicación no Butlletí Oficial de les Illes Balears, no prazo dos quince días seguintes á súa aprobación, así como tamén no «Boletín Oficial del Estado». Para tal efecto da entrada en vigor estas, rexerá a data de publicación no Butlletí Oficial de les Illes Balears. A versión oficial castelá será a que a Presidencia da Comunidade Autónoma enviará.

#### Artigo 49. *Decretos lei.*

1. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, o Consello de Goberno poderá ditar medidas lexislativas provisionais en forma de decretos lei que non poderán afectar os dereitos establecidos neste Estatuto, as materias obxecto de leis de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, a reforma do Estatuto, o réxime electoral nin o ordenamento das institucións básicas da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

2. Os decretos lei quedarán derogados se no prazo improrrogable de trinta días subseguintes á súa promulgación non son validados expresamente polo Parlamento despois dun debate e dunha votación de totalidade.

Durante o prazo establecido no parágrafo anterior, o Parlamento poderá acordar a tramitación dos decretos lei como proxectos de lei polo procedemento de urxencia.

#### Artigo 50. *Funcións.*

Correspóndelle tamén ao Parlamento:

1. Designar, en aplicación do criterio de representación proporcional, o senador ou os senadores que deben representar a Comunidade Autónoma das Illes Balears no Senado, de acordo co que establece o artigo 69.5 da Constitución. Os designados cesarán no cargo nos casos previstos no ordenamento xurídico e, en todo caso, ao acabar a lexislatura do Parlamento das Illes Balears na cal foron designados, unha vez que tomen posesión os novos senadores. No suposto de disolución do Senado, o Parlamento das Illes Balears entregará as credenciais da designación dos mesmos senadores, que continuarán o seu mandato ata que acabe a lexislatura do Parlamento e sexan designados os novos senadores. O senador ou os senadores designados polo Parlamento das Illes Balears comparecerán ante a comisión parlamentaria pertinente

por iniciativa propia ou por requirimento dun grupo parlamentario ou dunha quinta parte dos deputados para informar da súa actividade no Senado nos termos que estableza o regulamento do Parlamento das Illes Balears.

2. Remitir proposicións de lei á Mesa do Congreso dos deputados e nomear un máximo de tres deputados encargados de defendelas, de acordo co que permite o artigo 87.2 da Constitución.

3. Solicitar do Goberno do Estado a adopción dun proxecto de lei.

4. Interpoñer o recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional nos casos previstos na lexislación vixente.

5. Fixar as previsións de orde política, social e económica que, de acordo co que dispón o punto 2 do artigo 131 da Constitución, se deban adoptar para a elaboración de proxectos de planificación.

6. Aprobar e decidir transferencias ou delegacións de competencias a favor dos consellos insulares e demais entes locais da Comunidade Autónoma.

7. Examinar e aprobar as contas da Comunidade Autónoma, sen prexuízo do control que lles poida corresponder a outros organismos do Estado ou da Comunidade Autónoma.

8. Exercer calquera outra competencia que lle atribúan este Estatuto, as leis do Estado e as do mesmo Parlamento.

#### Artigo 51. *Sindicatura de Greuges.*

O Parlamento, mediante lei, creará a institución da Sindicatura de Greuges para a defensa das liberdades e dos dereitos fundamentais dos cidadáns, así como para supervisar e investigar as actividades da Administración da Comunidade Autónoma das Illes Balears. O síndico será elixido polo Parlamento, pola maioría favorable das tres quintas partes dos deputados da Cámara. O síndico actuará como Alto Comisionado do Parlamento e renderálle contas da súa actividade. O síndico coordinará a súa actuación co Defensor do Pobo.

#### Artigo 52. *Causas de finalización da lexislatura.*

A lexislatura finaliza por expiración do mandato ao se cumpriren catro anos da data das eleccións. Pode finalizar tamén anticipadamente, se non ten lugar a investidura do presidente ou da presidenta das Illes Balears. Finalizará de maneira anticipada por disolución acordada polo presidente ou pola presidenta do Goberno das Illes Balears.

#### Artigo 53. *Comisión xeral de consellos insulares.*

Créase no seo do Parlamento a Comisión Xeral de Consellos Insulares, de composición paritaria Parlamento-consellos insulares. A dita comisión elaborará o seu propio regulamento, que debe ser aprobado polas dúas terceiras partes dos seus membros, e regulará a súa composición, organización e funcións.

## CAPÍTULO II

### Do presidente

#### Artigo 54. *Elección do presidente das Illes Balears.*

1. O presidente das Illes Balears será elixido polo Parlamento de entre os seus membros e nomeado polo Rei.

2. O candidato proposto presentará ao Parlamento o programa político do Goberno que pretenda formar e, logo de debate, solicitará a súa confianza.

3. Se o Parlamento, polo voto da maioría absoluta dos seus membros, lle outorga a confianza ao candidato,

será nomeado presidente, de acordo co que se prevé no punto 1 deste mesmo artigo.

Se non se consegue esta maioría, a mesma proposta someterase a nova votación corenta e oito horas despois da anterior e a confianza será outorgada por maioría simple.

4. Se nestas votacións non se outorga a confianza do Parlamento, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista nos puntos anteriores.

5. No caso de que transcorresen sesenta días a partir da primeira votación para a investidura e ningún candidato obtivese a confianza do Parlamento, este quedará disolto e convocaranse novas eleccións.

#### Artigo 55. *Disolución do Parlamento.*

1. O presidente do Goberno, logo de deliberación do Consello de Goberno das Illes Balears e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá acordar a disolución do Parlamento das Illes Balears con anticipación ao prazo natural da lexislatura.

2. A disolución será acordada por decreto, no cal se convocarán pola súa vez eleccións, indicando os requisitos exixidos na lexislación electoral aplicable.

3. O Parlamento das Illes Balears non se poderá disolver cando estea en trámite unha moción de censura.

4. Non procederá ningunha nova disolución antes de que transcorrese un ano desde a anterior, exceptuando o que se dispón no artigo 53.5 deste estatuto.

#### Artigo 56. *Funcións do presidente ou da presidenta.*

1. O presidente das Illes Balears nomea e separa os membros que deben formar o Goberno, dirixe e coordina a súa acción e exerce a máis alta representación da Comunidade Autónoma, así como a ordinaria do Estado nas Illes Balears.

2. O presidente poderá delegar temporalmente funcións executivas e de coordinación nalgún dos membros do Goberno.

3. O presidente, logo de deliberación do Consello de Goberno, poderá formular ante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral. A confianza considerarase outorgada cando vote a favor desta a maioría simple.

Se o Parlamento lle nega a confianza, o presidente presentará a súa dimisión ante o Parlamento, cuxo presidente convocará, no prazo máximo de quince días, a sesión plenaria para a elección dun novo presidente da Comunidade Autónoma, de acordo co procedemento que se prevé no artigo 53 deste estatuto.

4. O presidente será politicamente responsable ante o Parlamento, que poderá exixir a responsabilidade do Goberno das Illes Balears mediante a adopción, por maioría absoluta, da moción de censura. Esta deberá ser proposta, como mínimo, por un quince por cento dos deputados e deberá incluír un candidato á Presidencia.

5. Se a moción de censura non se aproba, os que a asinasen non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións. Se se aproba, o presidente e o seu goberno cesarán nas súas funcións, e o candidato que se incluíse nela será nomeado presidente polo Rei.

6. O presidente do Goberno, téndoo considerado o Consello de Goberno, e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá disolver anticipadamente o Parlamento. O decreto de disolución fixará a data das eleccións.

7. A responsabilidade penal do presidente será exixible nos mesmos termos que se sinalan para os deputados do Parlamento das Illes Balears.

8. Por lei do Parlamento, aprobada por maioría absoluta, determinarase a forma de elección do presidente, o seu Estatuto persoal e demais atribucións que lle son propias.

9. En caso de ausencia ou enfermidade do presidente exercerá a representación das Illes Balears o presidente do Parlamento, sen prexuízo de que interinamente presida o Goberno un dos seus membros designado polo presidente.

10. O presidente non poderá exercer ningún outro cargo público no ámbito das Illes Balears.

### CAPÍTULO III

#### Do Goberno das Illes Balears

##### Artigo 57. *O Goberno e a súa sede.*

1. O Goberno das Illes Balears é o órgano colexiado que exerce funcións executivas e administrativas e dirixe a política xeral.

2. O Goberno está formado polo presidente, os vicepresidentes, se é o caso, e os conselleiros.

3. Por lei do Parlamento, aprobada por maioría absoluta, establecerase a organización do Goberno, as atribucións e o Estatuto persoal de cada un dos seus compoñentes.

4. O Goberno responde politicamente de xeito solidario ante o Parlamento, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus membros pola súa xestión.

5. A responsabilidade penal dos membros do Goberno será exixible nos mesmos termos que se establezan para os deputados do Parlamento.

6. A sede do Goberno será a cidade de Palma pero, logo de convocatoria, poderase reunir en calquera outro lugar do territorio da Comunidade Autónoma.

7. Soamente no exercicio das súas competencias, o Goberno poderá establecer organismos, servizos e dependencias en calquera das illas, de acordo co que establece este Estatuto.

8. O Goberno cesa:

a) Despois da celebración de eleccións ao Parlamento.

b) Por dimisión, incapacidade ou defunción do seu presidente.

c) Por perda da confianza do Parlamento ou pola adopción dunha moción de censura.

O goberno cesante continuará en funcións ata a toma de posesión do novo goberno.

##### Artigo 58. *Competencias do Goberno.*

1. Correspóndelle ao Goberno das Illes Balears o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma a que se refire o título III deste estatuto, excepto as que son propias dos consellos insulares ou lles fosen transferidas, sen prexuízo das competencias lexislativas que lle corresponden ao Parlamento das Illes Balears.

2. O Goberno ten a potestade regulamentaria nas súas competencias e elabora os orzamentos da Comunidade Autónoma sen prexuízo do seu exame, emenda e aprobación polo Parlamento. Poderánselle atribuír outras facultades de acordo coa lei.

3. Nas competencias que, de acordo con este Estatuto, os consellos insulares asumisen como propias, o Goberno das Illes Balears poderá establecer os principios xerais sobre a materia, garantindo o exercicio da potestade regulamentaria por parte dos consellos insulares.

##### Artigo 59. *Presentación de recursos.*

O Goberno poderá interpoñer recurso de inconstitucionalidade, suscitar conflitos de competencia e comparecer ante o Tribunal Constitucional nos supostos e termos

previstos na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

#### Artigo 60. *Publicación dos actos do Goberno.*

Todas as normas, as disposicións e os actos emanados do Goberno e da Administración da Comunidade Autónoma que o requiran débense publicar no *Butlletí Oficial de les Illes Balears*.

### CAPÍTULO IV

#### Dos consellos insulares

#### Artigo 61. *Os consellos insulares.*

1. Os consellos insulares son as institucións de goberno de cada unha das illas e teñen o goberno, a administración e a representación das illas de Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera, así como das illas adxacentes a estas.

2. Os consellos insulares gozarán de autonomía na xestión dos seus intereses de acordo coa Constitución, este estatuto e o establecido nas leis do Parlamento.

3. Os consellos insulares tamén son institucións da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

#### Artigo 62. *Organización.*

Os consellos insulares establecerán a súa organización de acordo coa Constitución e con este estatuto. Unha lei do Parlamento regulará a súa organización.

#### Artigo 63. *Órganos.*

1. Os órganos necesarios dos consellos insulares de Mallorca, Menorca e Ibiza son: o Pleno, o presidente e o Consello Executivo. Nos termos fixados pola Lei de consellos insulares, cada consello insular poderá crear órganos complementarios dos anteriores.

2. No caso do Consello Insular de Formentera, que será integrado polos rexedores do concello de Formentera, non será preceptiva a existencia de consello executivo. A Lei de consellos insulares ou unha lei específica poderá establecer, se é o caso, singularidades de réxime xurídico e de organización propias para o Consello Insular de Formentera.

#### Artigo 64. *Composición e réxime electoral.*

1. Cada un dos consellos insulares de Mallorca, Menorca e Ibiza estará integrado polos conselleiros elixidos nas respectivas circunscricións, por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto mediante un sistema de representación proporcional respectando o réxime electoral xeral.

2. A duración do mandato dos conselleiros será de catro anos.

3. O cargo de membro do Consello Insular é incompatible cos cargos de presidente das Illes Balears, de presidente do Parlamento, de membro do Goberno e de senador da Comunidade Autónoma.

A incompatibilidade subsistirá no caso de cesamento, por calquera causa, no exercicio dos cargos incompatibles.

No Consello Insular que lles corresponda, os membros incompatibles serán substituídos por aqueles candidatos que ocupen o lugar seguinte ao do último elixido nas listas electorais correspondentes.

4. Unha lei do Parlamento regulará o número de membros que deben integrar cada consello insular, así como as causas de inelixibilidade e de incompatibilidade que os afecten.

5. Cada un dos consellos insulares debe constituírse no prazo máximo de 45 días desde que se celebrasen as eleccións.

#### Artigo 65. *O Pleno.*

1. O Pleno do Consello Insular exerce a iniciativa lexislativa ante o Parlamento das Illes Balears, a función normativa, aproba os orzamentos do Consello Insular, controla a acción de goberno do Consello Executivo, elixe e dispón o cesamento do presidente e exerce todas as funcións que lle outorgan este estatuto, as leis do Parlamento das Illes Balears e as propias normas aprobadas polo Consello Insular.

2. O Pleno do Consello Insular será rexido polo regulamento orgánico de funcionamento que asegurará a periodicidade, o carácter público das súas sesións e a transparencia dos seus acordos.

3. O Regulamento orgánico do consello insular establecerá a formación de grupos políticos, a participación destes no proceso de elaboración de normativa, a función da Xunta de Voceiros e as demais cuestións necesarias para o bo funcionamento da institución.

4. Os conselleiros do Consello Insular terán acceso a toda a información xerada pola institución e gozarán das prerrogativas que o regulamento orgánico do Consello Insular estableza.

5. O Pleno exercerá o control e a fiscalización da acción do presidente e do consello executivo, mediante a moción de censura ao presidente, a votación sobre a cuestión de confianza que este formule, os debates, as preguntas, as interpelacións e as mocións sobre a súa actuación e outras que se establezan.

#### Artigo 66. *O presidente.*

1. O presidente do Consello Insular é elixido polo Pleno entre os seus membros. O candidato proposto presentaralle ao Pleno o seu programa de goberno e solicitará a súa confianza, cuxo outorgamento require maioría absoluta en primeira votación e maioría simple en segunda. O mesmo quórum requirirase nas sucesivas propostas de presidente que se poidan presentar.

2. O presidente do Consello Insular dirixe o goberno e a administración insulares e designa e separa libremente o resto de membros do Consello Executivo, coordina a súa acción e é politicamente responsable ante o Pleno.

3. A aprobación dunha moción de censura ao presidente do Consello Insular ou a denegación dunha cuestión de confianza que este formule rexeranse polo que dispón a lexislación electoral xeral, coa particularidade de que o presidente pode presentar a cuestión de confianza sobre o seu programa en conxunto, sobre unha declaración de política xeral ou sobre a aprobación de calquera asunto ou actuación de relevancia política.

#### Artigo 67. *O Consello Executivo.*

1. O Consello Executivo será integrado polo presidente do Consello Insular, os vicepresidentes, se é o caso, e os conselleiros executivos.

2. Os conselleiros executivos dirixen, baixo a superior dirección do presidente do Consello Insular, os sectores de actividade administrativa correspondentes ao departamento que encabezan. A Lei de consellos insulares e o regulamento orgánico determinarán a estrutura interna básica dos departamentos e as atribucións dos seus órganos.

3. Sen prexuízo das atribucións conferidas a outros órganos de goberno, correspóndelle ao consello executivo o exercicio da función executiva en relación coas competencias do Consello Insular.

4. A Lei de consellos insulares establecerá o Estatuto persoal e as incompatibilidades dos membros do Consello Executivo.

**Artigo 68. Funcionamento e réxime xurídico.**

1. A Lei dos consellos insulares, aprobada co voto favorable de dous terzos dos deputados do Parlamento das Illes Balears, e para o Consello Insular de Formentera unha lei específica, se é o caso, determinarán as regras de funcionamento e o réxime xurídico da actuación dos consellos insulares e dos seus órganos, así como o réxime das súas funcións e competencias respectando a lexislación básica do Estado.

2. O dereito local aplicarase como supletorio polo que se refire ao réxime xurídico dos consellos insulares e dos seus órganos, excepto no que se refire á organización.

**Artigo 69. Cláusula de peche.**

As competencias non atribuídas expresamente como propias aos consellos insulares neste estatuto de autonomía correspóndenlle ao Goberno das Illes Balears, sen que en ningún caso sexan susceptibles de transferencia aquelas que pola súa propia natureza teñan un carácter suprainsular, que incidan sobre a ordenación e a planificación da actividade económica xeral no ámbito autonómico ou aquelas competencias cuxo exercicio exixa a obriga de velar polo equilibrio ou a cohesión territorial entre as diferentes illas.

**Artigo 70. Competencias propias.**

Son competencias propias dos consellos insulares, alén das que lles veñan atribuídas pola lexislación estatal, as seguintes materias:

1. Urbanismo e habitabilidade.
2. Réxime local.
3. Información turística. Ordenación e promoción turística.
4. Servizos sociais e asistencia social. Desenvolvemento comunitario e integración. Política de protección e atención a persoas dependentes. Complementos da seguridade social non contributiva. Voluntariado social. Políticas de atención ás persoas e aos colectivos en situación de pobreza ou necesidade social.
5. Inspección técnica de vehículos.
6. Patrimonio monumental, cultural, histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico e paisaxístico no seu ámbito territorial e depósito legal de libros.
7. Actividades clasificadas. Parques acuáticos. Infraccións e sancións.
8. Tutela, acollemento e adopción de menores.
9. Deporte e lecer. Fomento e promoción das actividades deportivas e de lecer.
10. Transportes terrestres.
11. Espectáculos públicos e actividades recreativas.
12. Agricultura, gandaría e pesca. Calidade, rastrexabilidade e condicións dos produtos agrícolas e gandeiros e dos produtos alimenticios que deles se derivan.
13. Ordenación do territorio, incluíndo o litoral.
14. Artesanía. Fomento da competitividade, a capacitación e o desenvolvemento das empresas artesanais. Promoción de produtos artesanais. Creación de canles de comercialización.
15. Estradas e camiños.
16. Xuventude. Deseño e aplicación de políticas, plans e programas destinados á xuventude.
17. Caza. Regulación, vixilancia e aproveitamento dos recursos cinexéticos.
18. Cultura. Actividades artísticas e culturais. Fomento e difusión da creación e da produción teatral,

musical, cinematográfica e audiovisual, literaria, de danza e de artes combinadas. Promoción e animación sociocultural.

19. Museos e arquivos e bibliotecas de titularidade autonómica, no seu ámbito territorial. Conservatorios de música, servizos de belas artes, hemerotecas e institucións similares, de ámbito insular.

20. Políticas de xénero. Conciliación da vida familiar e laboral. Muller.

Á entrada en vigor deste estatuto de autonomía transferiranse as competencias atribuídas como propias aos consellos insulares, mediante decreto de traspaso acordado en comisión mixta de transferencias.

**Artigo 71. Función executiva de competencias.**

Os consellos insulares, alén das competencias que lles son propias, poderán asumir no seu ámbito territorial a función executiva e a xestión nas seguintes materias:

1. Montes e aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pasteiros.
2. Recursos e aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos, réxime xeral de augas. Augas minerais, termais e subterráneas.
3. Obras públicas.
4. Estatísticas de interese insular.
5. Vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións.
6. Feiras insulares.
7. Sanidade.
8. Ensino.
9. Cooperativas e cámaras.
10. Planificación e desenvolvemento económicos no territorio de cada unha das illas, de acordo coas bases e coa ordenación xeral da economía do Estado e da Comunidade Autónoma.
11. Contratos e concesións administrativas respecto das materias cuxa xestión lles corresponda no seu territorio.

E en xeral, calquera outra que, no propio ámbito territorial, lles corresponda aos intereses respectivos, de acordo coas transferencias ou delegacións que se establezan para tal fin.

Unha lei do Parlamento establecerá o procedemento de transferencia ou delegación de competencias aos consellos insulares.

**Artigo 72. Potestade regulamentaria.**

1. Nas competencias que son atribuídas como propias aos consellos insulares, estes exercen a potestade regulamentaria.

2. A coordinación da actividade dos consellos insulares en todo o que poida afectar os intereses da Comunidade Autónoma corresponderalle ao Goberno.

3. Non obstante o establecido no parágrafo anterior, cando se trata da coordinación da actividade que exercen os consellos insulares nas competencias que teñen atribuídas como propias, deberá contar coa necesaria participación destes.

**Artigo 73. Actividade de fomento e fixación de políticas propias dos consellos insulares.**

Correspóndelles aos consellos insulares, nas materias que este Estatuto lles atribúe competencia propia, o exercicio da actividade de fomento, sen prexuízo da actividade que lle corresponda á Comunidade Autónoma, e a fixación de políticas propias ou, cando así o decidan, a fixación de políticas comúns con outros consellos insulares, e con outras illas, comunidades ou co Estado, de acordo co Goberno das Illes Balears.

**Artigo 74. Conferencia de presidentes.**

1. A conferencia de presidentes, integrada polo presidente das Illes Balears e polos presidentes dos consellos insulares de Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera, constitúese, de acordo cos principios de cooperación, colaboración e lealdade institucional, como marco xeral e permanente de relación, deliberación, participación, formulación de propostas, toma de acordos e intercambio de información entre o Goberno das Illes Balears e os consellos insulares de cada unha das illas nas materias de interese común.

2. A propia conferencia de presidentes adoptará o seu regulamento interno e de funcionamento.

**CAPÍTULO V****Dos municipios e demais entidades locais das Illes Balears****Artigo 75. Os municipios.**

1. O municipio é a entidade local básica da organización territorial das Illes Balears e o instrumento fundamental para a participación da comunidade local nos asuntos públicos.

2. O goberno e a Administración municipal correspóndenlle ao concello formado polo alcalde ou a alcaldesa, os concelleiros e os demais membros que, se é o caso, establezan as leis.

3. Os concelleiros son elixidos polos veciños do municipio mediante o sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.

4. Este estatuto garántelles aos municipios a autonomía para o exercicio das súas competencias propias, baixo a súa responsabilidade e en defensa dos intereses da colectividade que representa.

No exercicio das competencias propias, os municipios estarán suxeitos ao control de constitucionalidade e legalidade.

Os municipios teñen no ámbito deste estatuto e das leis, liberdade plena para o exercicio da súa iniciativa en calquera materia que non estea excluída da súa competencia ou atribuída en exclusiva a outra administración ou autoridade.

5. Ademais das competencias derivadas da lexislación básica do Estado e da lexislación sectorial, correspóndelles aos municipios o exercicio das que poidan ser delegadas polo Estado, pola Comunidade Autónoma, polos consellos insulares e por outras administracións. A delegación de competencias aos municipios debe ir acompañada dos medios económicos, persoais e materiais adecuados e suficientes.

6. Así mesmo, os concellos das Illes Balears, na súa calidade de institucións de goberno dos municipios insulares, poderán asumir no seu ámbito territorial a función executiva e a xestión das competencias propias dos consellos insulares ou daquelas que lles fosen previamente transferidas. Para facer efectiva esta transferencia, que deberá vir acompañada dos medios económicos, persoais e materiais adecuados e suficientes, requirirase o acordo do Pleno do concello solicitante e do Pleno do consello insular respectivo. Unha vez acordada a transferencia polo consello insular, que conterá o detalle dos medios económicos, persoais e materiais que correspondan, comunicaráselle o acordo plenario ao concello solicitante que, mediante acordo plenario, a aceptará ou a rexeitará.

7. Os municipios teñen dereito a se asociar con outros e a cooperar entre eles e con outros entes públicos para exercer as súas competencias e para cumprir tarefas de interese común. Para estes efectos teñen capacidade

para constituír mancomunidades, consorcios e asociacións.

8. O Parlamento das Illes Balears, no marco da lexislación básica do Estado, aprobará unha lei de réxime local para as Illes Balears que terá en conta necesariamente as diferentes características demográficas, xeográficas, organizativas, de dimensión e capacidade de xestión que teñen os municipios, así como as competencias de cooperación local asumidas polos consellos insulares.

9. Os municipios das Illes Balears disporán de recursos suficientes para exercer as funcións, que lles atribúe a lexislación; estes deben ser garantidos pola Administración do Estado, a autonómica e a insular. Neste sentido, os municipios teñen capacidade de regular as finanzas propias no marco da lei e gozan de autonomía orzamentaria. Para velar polo equilibrio territorial creárase un fondo de cooperación local, cuxos criterios de distribución atenderán as características socio-económicas e territoriais dos municipios. Para garantir a súa suficiencia financeira, este fondo será de carácter incondicionado, sen prexuízo dos convenios de colaboración que, con carácter voluntario, se poden facer con cargo a este.

10. O municipio de Palma disporá dunha lei de capitalidade especial establecida polo Parlamento das Illes Balears. O concello de Palma ten iniciativa para propoñer a modificación deste réxime especial e, de acordo coas leis e o regulamento do Parlamento, debe participar na elaboración dos proxectos de lei que inciden neste réxime especial e debe ser consultado na tramitación parlamentaria doutras iniciativas lexislativas sobre o seu réxime especial.

**CAPÍTULO VI****Órganos de consulta e asesoramento****Artigo 76. O Consello Consultivo das Illes Balears.**

1. O Consello Consultivo das Illes Balears é o órgano superior de consulta da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

2. O Consello Consultivo estará integrado como máximo por dez xuristas de recoñecido prestixio, dúas quintas partes dos cales serán elixidos polo Parlamento mediante o voto favorable das tres quintas partes dos deputados, e as outras tres quintas partes dos membros serán elixidos polo Goberno.

3. Unha lei do Parlamento regulará o seu número, a súa organización e o seu funcionamento.

**Artigo 77. Consello Audiovisual das Illes Balears.**

O Consello Audiovisual das Illes Balears configúrase como unha entidade pública independente, cuxa misión é velar nos medios de comunicación social de titularidade pública polo cumprimento dos principios reitores do modelo audiovisual, concretamente: promover as condicións para garantir a información veraz, obxectiva e neutral, e promover a sociedade da información; garantir o acceso dos grupos políticos e sociais representativos aos medios de comunicación social; fomentar o pluralismo lingüístico nos medios de comunicación; que se cumpran os principios que inspiran o modelo lingüístico do Estatuto de autonomía das Illes Balears; garantir e favorecer o acceso das persoas con discapacidade auditiva ou visual aos medios de comunicación social e ás novas tecnoloxías.

Os membros do Consello Audiovisual son nomeados polo Parlamento das Illes Balears mediante o voto favorable das tres quintas partes dos seus membros. A composición e as funcións concretas serán desenvolvidas por unha lei do Parlamento.

**Artigo 78. Consello Económico e Social.**

1. O Consello Económico e Social das Illes Balears é o órgano colexiado de participación, estudo, deliberación, asesoramento e proposta en materia económica e social.

2. Unha lei do Parlamento regulará a súa composición, a designación dos seus membros, a súa organización e as súas funcións.

**CAPÍTULO VII****Da Administración pública da Comunidade Autónoma das Illes Balears****Artigo 79. A administración propia.**

Correspóndenlle á Comunidade Autónoma das Illes Balears a creación e a organización dunha administración propia, no marco dos principios xerais e das normas básicas da lexislación do Estado e deste estatuto.

**Artigo 80. Execución das funcións administrativas.**

1. A Administración da Comunidade Autónoma das Illes Balears exercerá as súas funcións mediante os entes e os organismos que dependen do Goberno das Illes Balears e dos consellos insulares e a través dos municipios.

2. O Goberno das Illes Balears poderá exercer a xestión ordinaria das súas competencias a través dos consellos insulares e dos concellos.

**CAPÍTULO VIII****Do control dos poderes da Comunidade Autónoma****Artigo 81. Control xurisdiccional.**

1. As leis do Parlamento da Comunidade Autónoma estarán unicamente suxeitas ao control de constitucionalidade exercido polo Tribunal Constitucional.

2. Contra os actos, os acordos e as normas regulamentarias emanadas dos órganos executivos e administrativos da Comunidade Autónoma das Illes Balears poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

**Artigo 82. Sindicatura de Comptes.**

1. Sen prexuízo das competencias que lle correspondan ao Tribunal de Contas, a Sindicatura de Comptes é o órgano ao cal lle corresponde a fiscalización externa da actividade económica, financeira e contable do sector público das Illes Balears.

2. A Sindicatura de Comptes estará formada por tres síndicos, elixidos polo Parlamento por maioría de tres quintas partes dos deputados.

3. Unha lei do Parlamento regulará o seu funcionamento e organización.

**CAPÍTULO IX****Do réxime xurídico da Comunidade Autónoma****Artigo 83. Ámbito territorial.**

As competencias establecidas neste estatuto enténdese referidas ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

**Artigo 84. Potestade lexislativa e función executiva das competencias exclusivas.**

1. Sobre as materias que sexan da súa competencia exclusiva, correspóndelle ao Parlamento das Illes Balears a potestade lexislativa, segundo os termos previstos neste estatuto, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Estado na Constitución.

2. Correspóndenlle ao Goberno da Comunidade Autónoma e aos consellos insulares a función executiva, incluídas a potestade regulamentaria e a inspección, e a actuación de fomento das competencias que lles son propias.

**Artigo 85. Desenvolvemento lexislativo e función executiva.**

1. Polo que se refire ás competencias previstas no artigo 29, corresponderanlle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado.

2. En canto ás competencias relacionadas no artigo 30, a potestade executiva da Comunidade Autónoma poderá levar anexa a potestade regulamentaria cando sexa necesaria para a execución da normativa do Estado.

3. Os consellos insulares, alén das competencias que lles corresponden de acordo co que se prevé neste estatuto, terán as facultades de xestión e execución no propio territorio das decisións do Goberno das Illes Balears cando corresponda.

**Artigo 86. Actividade de fomento.**

Correspóndelle ao Goberno das Illes Balears, nas materias da súa competencia, o exercicio da actividade de fomento, sen prexuízo da actividade que lle corresponda ao Estado.

**Artigo 87. Dereito propio.**

1. En materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, o dereito propio das Illes Balears é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro, nos termos previstos neste estatuto.

2. Na determinación das fontes do dereito civil das Illes Balears respectaranse as normas que neste se establezan.

3. En todo aquilo que non estea regulado polo dereito propio das Illes Balears será de aplicación supletoria o dereito do Estado.

**TÍTULO V****Medios de comunicación social****Artigo 88. Dereito á información.**

1. Os poderes públicos das Illes Balears velarán, mediante o disposto neste título, polo respecto ás liberdades e aos dereitos recoñecidos no artigo 20 da Constitución, especialmente os referidos á liberdade de expresión e ao dereito a unha información independente, veraz e plural.

2. Todos os medios de comunicación baleares, públicos e privados, están suxeitos aos valores constitucionais e estatutarios.

**Artigo 89. Publicidade institucional.**

Unha lei do Parlamento das Illes Balears regulará a publicidade institucional nas súas diversas formas.

**Artigo 90. Dos medios públicos de comunicación.**

1. As institucións das Illes Balears garantirán a imparcialidade, a pluralidade e a veracidade informativa dos medios públicos de comunicación.

2. Os medios públicos de comunicación velarán polo cumprimento do modelo lingüístico previsto no Estatuto de autonomía.

3. Os medios públicos de comunicación orientarán a súa actividade á promoción da cultura de Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera.

4. Garántese o dereito de acceso aos medios públicos de comunicación das asociacións, organizacións e institucións representativas da diversidade política, social e cultural das Illes Balears, respectando o pluralismo da sociedade.

**Artigo 91. Do control parlamentario.**

1. Unha lei do Parlamento regulará o Ente Público de Radiotelevisión das Illes Balears.

2. Correspóndelle ao Parlamento das Illes Balears o control da radiotelevisión pública das Illes Balears mediante unha comisión parlamentaria.

3. O director xeral ou o máximo órgano de dirección, responsable da xestión dos medios de comunicación audiovisual de titularidade pública nas Illes Balears será elixido polos membros electos das institucións representativas correspondentes ao seu ámbito territorial.

**Artigo 92. Protección dos dereitos nos medios audiovisuais.**

Correspóndelle ao Consello Audiovisual das Illes Balears velar polo respecto dos dereitos, as liberdades e os valores constitucionais e estatutarios dos medios de comunicación audiovisual, nos termos establecidos no artigo 76.

**TÍTULO VI****O Poder Xudicial nas Illes Balears****Artigo 93. O Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears.**

O Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears é o órgano xurisdiccional en que culmina a organización xudicial das Illes Balears no seu ámbito territorial correspondente e ante o que se esgotarán as instancias procesuais sucesivas, nos termos e nas condicións que resulten da Lei orgánica do poder xudicial e das demais leis procesuais, sen prexuízo das competencias do Tribunal Supremo.

**Artigo 94. Competencias.**

1. A competencia dos órganos xurisdicionais das Illes esténdese, en calquera caso:

a) Na orde civil, a todas as instancias e a todos os graos, incluídos os recursos de casación e revisión, en materia de dereito civil propio das Illes Balears.

b) Na orde contencioso-administrativa, aos recursos que se interpoñan contra os actos e as disposicións das Administracións públicas, nos termos que establece a Lei orgánica do poder xudicial.

c) Nas ordes penal e social, a todas as instancias e a todos os graos, coa excepción dos recursos de casación e revisión.

d) Ás cuestións de competencia entre órganos xurisdicionais nas Illes Balears.

e) Aos recursos sobre cualificación de documentos que deban ter acceso aos rexistros da propiedade, mercantil ou de bens mobles das Illes Balears, sempre que estes recursos se fundamenten nunha infracción das normas emanadas dos órganos da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

2. Nas materias restantes haberá que aterse ao que dispoña a Lei orgánica do poder xudicial.

**Artigo 95. O presidente ou a presidenta do Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears.**

1. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears será nomeado polo rei por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial. O presidente da Comunidade Autónoma ordenará a publicación deste nomeamento no *Butlletí Oficial de les Illes Balears*.

2. O nomeamento de maxistrados, xuíces, fiscais e secretarios que deban prestar servizos nas Illes Balears efectuarase na forma prevista na Lei orgánica do poder xudicial a que fai referencia o artigo 122 da Constitución.

3. A memoria anual do Tribunal Superior de Xustiza será presentada polo seu presidente ou presidenta ante o Parlamento das Illes Balears.

**Artigo 96. O Consello de Xustiza das Illes Balears.**

Créase o Consello de Xustiza das Illes Balears. Unha lei do Parlamento das Illes Balears determinará a súa estrutura, composición, nomeamentos e funcións no ámbito das competencias das Illes Balears en materia de administración de xustiza nos termos que establece este Estatuto e de acordo co que dispón a Lei orgánica do poder xudicial. Os membros do Consello de Xustiza das Illes Balears que sexan elixidos polo Parlamento das Illes Balears serano por unha maioría de dous terzos dos seus membros.

**Artigo 97. Postos vacantes e resolución de concursos e oposicións.**

1. Por instancia da Comunidade Autónoma das Illes Balears, o órgano competente convocará concursos e outras probas de selección para cubrir os postos vacantes nas Illes Balears de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais e demais persoal ao servizo da Administración de xustiza.

2. Na resolución dos concursos e das oposicións para prover os postos de maxistrados e xuíces será mérito preferente a especialización no dereito civil das Illes Balears e o coñecemento de catalán.

3. A organización e o funcionamento do Ministerio Fiscal correspóndenlle integramente ao Estado, de acordo coas leis xerais.

**Artigo 98. Administración de xustiza.**

Polo que se refire á Administración de xustiza, con excepción da militar, correspóndelle á Comunidade Autónoma das Illes Balears:

1. Exercer todas as facultades que a Lei orgánica do poder xudicial recoñeza ou lle atribúa ao Goberno do Estado.

2. Participar na fixación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdicionais nas Illes Balears e na localización da súa capitalidade. A Comunidade Autónoma participará tamén, de acordo coa Lei orgánica do poder xudicial, na creación ou na transformación do número de seccións ou xulgados no ámbito do seu territorio.

3. Prover de medios persoais, materiais e económicos a Administración de xustiza.

4. Ordenar os servizos de xustiza gratuíta, que se poden prestar directamente ou en colaboración cos colexios de avogados e cos de procuradores.

#### Artigo 99. *Notarías e rexistros.*

1. A Comunidade Autónoma participará na fixación das demarcacións correspondentes ás notarías e aos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles radicados no seu territorio.

2. Os notarios, os rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles serán nomeados pola Comunidade Autónoma de conformidade coas leis do Estado. Para a provisión destas prazas serán méritos preferentes a especialización en dereito civil das Illes Balears e o coñecemento da lingua catalá. En ningún caso se poderá establecer a excepción de natureza e veciñanza.

#### Artigo 100. *Nomeamento de maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears.*

As ternas que o Parlamento lle debe presentar ao Consello Xeral do Poder Xudicial para o nomeamento dos maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears requirirán unha maioría favorable das tres quintas partes dos deputados.

## TÍTULO VII

### Relacións institucionais

#### CAPÍTULO I

##### A acción exterior

#### Artigo 101. *Proxección no exterior.*

1. A Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias do Estado sobre relacións internacionais, impulsa a proxección das Illes Balears no exterior e promove os seus intereses neste ámbito.

2. A Comunidade Autónoma ten capacidade para levar a cabo accións con proxección exterior que se deriven directamente das súas competencias, ben de xeito directo ou a través dos órganos da Administración xeral do Estado.

3. A Comunidade Autónoma pode subscribir acordos de colaboración para a promoción dos seus intereses no marco das competencias que ten atribuídas.

#### Artigo 102. *Convenios internacionais e participación.*

1. O Goberno do Estado debe informar a Comunidade Autónoma sobre os tratados e os convenios internacionais que pretenda negociar e subscribir cando estes afecten directa e singularmente as súas competencias. O Goberno das Illes Balears e o Parlamento das Illes Balears pódennles dirixir ao Goberno do Estado e ás Cortes Xerais as observacións que consideren oportunas.

2. A Comunidade Autónoma poderá participar nas delegacións españolas naqueles casos en que se negocien tratados que afecten directa e singularmente a Comunidade, na forma que determine a lexislación do Estado.

3. A Comunidade Autónoma pode solicitar que o Estado subscriba tratados e convenios internacionais nas materias que a afecten.

4. A Comunidade Autónoma debe adoptar as medidas necesarias para executar as obrigas derivadas dos tratados e dos convenios internacionais ratificados por

España ou que vinculen o Estado no ámbito das súas competencias.

#### Artigo 103. *Cooperación con rexións doutros estados.*

A Comunidade Autónoma pode promover a cooperación con rexións doutros estados cos cales comparta intereses económicos, sociais ou culturais.

#### Artigo 104. *Participación en organizacións internacionais.*

A Comunidade Autónoma poderá participar nas representacións do Estado ante organizacións internacionais naqueles casos en que a actividade destas incida no seu ámbito competencial e afecte materias do seu específico interese na forma que determine a lexislación do Estado.

#### Artigo 105. *Poboacións estruturalmente menos desenvolvidas.*

Os poderes públicos das Illes Balears deben velar por fomentar a paz, a solidariedade, a tolerancia, o respecto dos dereitos humanos e a cooperación para o desenvolvemento cos países e as poboacións estruturalmente menos desenvolvidos, coa finalidade última de erradicar a pobreza. Para conseguir este obxectivo deben establecer programas e acordos cos axentes sociais da cooperación e coas institucións públicas e privadas que sexan necesarios para garantir a efectividade e a eficacia destas políticas nas Illes Balears e no exterior.

#### CAPÍTULO II

##### Relacións coa Unión Europea

#### Artigo 106. *Unión Europea.*

A Comunidade Autónoma participará nos asuntos relacionados coa Unión Europea que afecten as competencias e intereses das Illes Balears, nos termos establecidos neste estatuto de autonomía, na Constitución e na lexislación do Estado.

#### Artigo 107. *Delegacións ou oficinas ante a Unión Europea.*

A Comunidade Autónoma pode establecer delegacións ou oficinas de representación ante a Unión Europea para mellorar o exercicio das súas competencias e promover adecuadamente os seus intereses.

#### Artigo 108. *Información e participación en tratados.*

A Comunidade Autónoma debe ser informada sobre as negociacións relativas aos tratados orixinais e fundacionais, as súas revisións e modificacións, e tamén poderá participar neles, se é o caso, formando parte da delegación española, de acordo cos mecanismos multilaterais internos que se establezan para este efecto entre o Estado e as comunidades autónomas.

#### Artigo 109. *Dereito comunitario.*

É competencia da Comunidade Autónoma o desenvolvemento e a execución do dereito comunitario de acordo coas súas competencias. No caso de que sexa ineludible realizar a transposición do dereito europeo nas materias da súa competencia exclusiva por normas estatais, polo feito de que a norma europea teña un alcance superior á da Comunidade Autónoma, esta será consultada con carácter previo de acordo cos mecanismos internos de coordinación previstos nunha lei estatal.

**Artigo 110. Participación, negociación coa Unión Europea.**

1. Recoñécese o dereito de participación da Comunidade Autónoma na formación da posición negociadora do Estado ante a Unión Europea. Esta participación debe ser de maneira autónoma e específica se o asunto afecta exclusivamente a Comunidade Autónoma das Illes Balears. Se afecta competencias exclusivas do conxunto das comunidades autónomas, a participación débese efectuar no marco dos procedementos multilaterais e de cooperación interna establecidos pola lei estatal reguladora desta materia.

2. A posición débese ter especialmente en conta para a formación da vontade do Estado. En calquera caso, o Goberno debe informar a Comunidade Autónoma sobre a marcha das negociacións, sexa cal sexa a configuración da materia competencial subxacente, exclusiva ou concorrente.

**Artigo 111. Participación na delegación española da Unión Europea.**

A Comunidade Autónoma participará na delegación española no Consello de Ministros da Unión Europea e nos seus grupos de traballo nos termos establecidos no sistema xeral da participación autonómica. Esta participación pódese acordar de maneira directa cos órganos competentes da Administración xeral do Estado, no caso que se vexan afectadas especificidades propias da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

**Artigo 112. Control do principio de subsidiariedade.**

O Parlamento das Illes Balears pode ser consultado polas Cortes Xerais no marco do proceso de control do principio de subsidiariedade establecido no dereito comunitario.

**Artigo 113. Tribunal de Xustiza da Unión Europea.**

1. A Comunidade Autónoma intervéñ nos procesos ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea nos termos establecidos pola lexislación do Estado. Terá acceso, se é o caso, a este se así o establece a lexislación comunitaria.

2. No marco da lexislación vixente na materia, a Comunidade Autónoma poderá, en defensa dos seus intereses, instar o Estado e as institucións lexitimadas ao inicio de accións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

**CAPÍTULO III****Relacións co Estado****Artigo 114. Relacións co Estado e con outras comunidades autónomas.**

Como garante do equilibrio interinsular o Goberno das Illes Balears reserva para si as relacións co Estado e coas demais comunidades autónomas, cando estas se refiran a competencias autonómicas en relación ás cales se vaian desenvolver actuacións consideradas de interese xeral.

**Artigo 115. Xestión de fondos europeos.**

Correspóndelle á Comunidade Autónoma a xestión dos fondos procedentes da Unión Europea e, en xeral, dos que se canalicen a través de programas europeos, excepto aqueles cuxas competencias lle correspondan ao Estado.

**Artigo 116. Principios das relacións Comunidade Autónoma das Illes Balears e Estado.**

No marco dos principios constitucionais as relacións da Comunidade Autónoma das Illes Balears co Estado fundaméntanse nos principios de colaboración, cooperación, solidariedade e lealdade institucional.

**Artigo 117. Instrumento de colaboración e de relación co Estado.**

Para os asuntos de interese específico da Comunidade Autónoma das Illes Balears, estableceranse os correspondentes instrumentos de colaboración e de relación co Estado.

Os órganos de colaboración crearanse de acordo cos principios establecidos no artigo anterior, que constitúe o marco xeral e permanente de relación entre os gobernos das Illes Balears e do Estado para os efectos seguintes:

a) Cooperación, colaboración, coordinación e información no exercicio mutuo das competencias propias que poidan afectar ambos.

b) O establecemento de mecanismos de información e colaboración sobre as respectivas políticas públicas e os asuntos de interese común.

c) O impulso da eficacia, o seguimento e a resolución de conflitos en todas as cuestións de interese común.

Nos asuntos de interese xeral a Comunidade Autónoma das Illes Balears participará a través dos procedementos ou dos órganos multilaterais que se constituán.

**CAPÍTULO IV****Relacións coas comunidades autónomas****Artigo 118. Convenios con outras comunidades autónomas.**

1. En materia de prestación e xestión de servizos propios da Comunidade Autónoma, esta pode subscribir convenios con outras comunidades autónomas. Os ditos acordos comunicaranse ás Cortes Xerais e entrarán en vigor aos sesenta días da comunicación, a non ser que as Cortes Xerais, no prazo citado, estimen que se trata dun acordo de cooperación, segundo o que dispón o punto 2 do artigo 145 da Constitución.

2. A Comunidade Autónoma, logo de autorización das Cortes Xerais, poderá tamén establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas.

**Artigo 119. Protocolos de carácter cultural.**

A Comunidade Autónoma das Illes Balears poderá subscribir protocolos para a celebración de actos de carácter cultural noutras comunidades autónomas, especialmente coas que se comparten a mesma lingua e cultura.

**TÍTULO VIII****Financiamento e Facenda****CAPÍTULO I****Principios xerais****Artigo 120. Principios.**

1. As relacións de orde tributaria e financeira entre o Estado e a Comunidade Autónoma das Illes Balears son

reguladas pola Constitución, este estatuto e a Lei orgánica prevista no punto 3 do artigo 157 da Constitución.

2. O financiamento da Comunidade Autónoma das Illes Balears fundaméntase nos seguintes principios:

- a) Autonomía financeira.
- b) Lealdade institucional.
- c) Solidariedade, equidade e suficiencia financeira, atendendo ao recoñecemento específico do feito diferencial da insularidade, para garantir o equilibrio territorial, e á poboación real efectiva, determinada de acordo coa normativa estatal, así como á súa evolución.
- d) Responsabilidade fiscal.
- e) Coordinación e transparencia nas relacións fiscais e financeiras entre as administracións públicas.
- f) Garantía de financiamento dos servizos educativos, sanitarios e sociais nos termos previstos no artigo 123.2 deste estatuto.
- g) Prudencia financeira e austeridade.

3. A Comunidade Autónoma das Illes Balears goza do mesmo tratamento fiscal que a lexislación estableza para o Estado.

#### Artigo 121. *Autonomía e suficiencia.*

1. A Comunidade Autónoma das Illes Balears debe dispor dunhas finanzas autónomas e dos recursos suficientes para atender de forma estable e permanente o desenvolvemento e a execución das súas competencias, para afrontar o adecuado exercicio do seu autogoberno.

2. A Comunidade Autónoma das Illes Balears ten a capacidade para determinar o volume e a composición dos seus ingresos no ámbito das súas competencias financeiras, así como para fixar a afectación dos seus recursos ás finalidades de gasto que decida libremente.

3. A Comunidade Autónoma das Illes Balears dispón de plena autonomía de gasto para poder aplicar libremente os seus recursos ás finalidades que, de acordo coas directrices políticas e sociais, determinen as súas institucións de autogoberno.

#### Artigo 122. *Lealdade institucional e modificación do sistema tributario español.*

1. De acordo co principio de lealdade institucional, valorarase o impacto financeiro, positivo ou negativo, que as disposicións xerais aprobadas polo Estado teñan sobre as Illes Balears ou as aprobadas polas Illes Balears teñan sobre o Estado, nun período de tempo determinado, en forma dunha variación das necesidades de gasto ou da capacidade fiscal, coa finalidade de establecer os mecanismos de axuste necesarios.

2. En caso de reforma ou modificación do sistema tributario español que implique unha supresión de tributos ou unha variación dos ingresos das Illes Balears, que dependen dos tributos estatais, a Comunidade Autónoma das Illes Balears ten dereito a que o Estado adopte as medidas de compensación oportunas para que esta non vexa reducidas nin minguadas as posibilidades de desenvolvemento das súas competencias nin do seu crecemento futuro.

3. Ambas as administracións facilitaranse mutuamente o acceso á información estatística e de xestión, necesaria para o mellor exercicio das súas respectivas competencias, nun marco de cooperación e transparencia.

#### Artigo 123. *Solidariedade e suficiencia financeira.*

1. O sistema de ingresos da Comunidade Autónoma das Illes Balears garantirá, nos termos previstos na Lei orgánica que prevé o artigo 157.3 da Constitución, os recursos financeiros que, atendendo as necesidades de

gasto das Illes Balears e a súa capacidade fiscal aseguren o financiamento suficiente para o exercicio das competencias propias na prestación do conxunto dos servizos públicos asumidos, sen prexuízo de respectar a realización efectiva do principio de solidariedade en todo o territorio nacional nos termos do artigo 138 da Constitución.

2. Os recursos financeiros de que dispoña a Comunidade Autónoma das Illes Balears poderanse axustar para que o sistema estatal de financiamento dispoña de recursos suficientes para garantir a nivelación e solidariedade ás demais comunidades autónomas, co fin de que os servizos de educación, sanidade e outros servizos sociais esenciais do Estado do benestar prestados polos diferentes gobernos autonómicos poidan alcanzar niveis similares no conxunto do Estado, sempre e cando leven a cabo un esforzo fiscal tamén similar. Na mesma forma e se procede a Comunidade Autónoma das Illes Balears recibirá recursos dos mecanismos de nivelación e solidariedade. Estes niveis fixaraos o Estado.

3. No exercicio das súas competencias financeiras, o Goberno das Illes Balears velará polo equilibrio territorial nas Illes Balears e pola realización interna do principio de solidariedade.

#### Artigo 124. *Responsabilidade fiscal.*

1. A Comunidade Autónoma das Illes Balears exercerá as competencias que resultan do establecido neste Estatuto de acordo cos principios de xeneralidade, xustiza, igualdade, equidade, progresividade e capacidade económica, nos termos que determina a Constitución e a Lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución.

2. No ámbito financeiro, a Comunidade Autónoma das Illes Balears actúa de acordo cos principios de eficacia e eficiencia e promove a cohesión e o benestar social, o progreso económico e a sustentabilidade ambiental.

#### Artigo 125. *Comisión Mixta de Economía e Facenda.*

1. A Comisión Mixta de Economía e Facenda entre o Estado e a Comunidade Autónoma das Illes Balears é o órgano bilateral de relación entre ambas as administracións en materias fiscais e financeiras.

2. A Comisión está integrada por un número igual de representantes do Estado e da Comunidade Autónoma das Illes Balears. A Presidencia desta comisión mixta exercerase de xeito rotatorio entre as dúas partes en quendas dun ano.

3. Correspóndelle á Comisión adoptar o seu regulamento interno e de funcionamento por acordo entre as dúas delegacións no cal se regulará, en todo caso, a forma en que se realizarán as convocatorias e a súa periodicidade, que será como mínimo anual.

#### Artigo 126. *Funcións da Comisión Mixta.*

1. A Comisión Mixta de Economía e Facenda exerce as súas funcións, sen prexuízo dos acordos subscritos polo Goberno das Illes Balears nesta materia con institucións e organismos de carácter multilateral.

2. Correspóndelle á Comisión Mixta de Economía e Facenda as seguintes funcións:

a) Estudar, revisar e levar a cabo o seguimento dos investimentos que o Estado realice na Comunidade Autónoma das Illes Balears de acordo co establecido na disposición transitoria oitava.

b) En caso dunha alteración das variables básicas utilizadas para a determinación dos recursos proporcionados polo sistema de financiamento, a Comisión Mixta de Economía e Facenda reunirse para coñecer os seus efectos sobre o financiamento e elevar propostas, se é o caso.

c) Coñecer do impacto económico financeiro que se derive do principio de lealdade institucional recollido no artigo 122.

d) Coñecer do impacto económico que, de acordo coa Lei orgánica prevista no punto terceiro do artigo 157 da Constitución española, se derive da articulación do feito insular a que se refire o artigo 120.2.c) deste estatuto.

e) Coñecer a poboación real efectiva a que se refire o artigo 120.2.c) deste estatuto e, se é o caso, avaliar os factores de axuste.

f) Coñecer os recursos que lle correspondan á Comunidade Autónoma das Illes Balears pola súa participación no Fondo de Compensación Interterritorial e noutros fondos, de acordo co artigo 128.f) deste estatuto.

g) Negociar a porcentaxe de participación da Comunidade Autónoma das Illes Balears na distribución rexional dos fondos estruturais europeos, así como da asignación doutros recursos da política rexional europea á Comunidade Autónoma das Illes Balears.

h) Acordar o alcance e condicións da xestión, recadación, liquidación e inspección dos tributos que lle correspondan á Axencia Tributaria das Illes Balears, nos termos establecidos pola Lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución.

i) Establecer os mecanismos de colaboración entre a administración tributaria da Comunidade Autónoma das Illes Balears e a administración tributaria do Estado, a que se refire o artigo 133 deste estatuto, así como os criterios de coordinación e harmonización fiscal de acordo coas características ou a natureza dos tributos cedidos.

j) Establecer os mecanismos de colaboración entre a Comunidade Autónoma das Illes Balears e a Administración do Estado que sexan necesarios para o adecuado exercicio das funcións de revisión en vía económico-administrativa a que se refire o artigo 134 deste estatuto.

k) Realizar o seguimento da aplicación da lei que regula o réxime especial balear, con facultades de coordinación das comisións correspondentes.

3. A Comisión Mixta de Economía e Facenda coñecerá os estudos e análises dos recursos financeiros que, atendendo as necesidades de gasto das Illes Balears, elabore o Goberno das Illes Balears. Así mesmo, corresponderalle, de conformidade co establecido na Lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución:

a) Aplicar os mecanismos de actualización do sistema de financiamento.

b) Acordar o alcance e as condicións da cesión de tributos de titularidade estatal e, especialmente, as porcentaxes de participación no rendemento dos tributos estatais cedidos parcialmente.

c) Acordar a contribución á solidariedade e aos mecanismos de nivelación previstos no artigo 123.2 deste estatuto.

d) A eventual aplicación, de acordo coa lexislación correspondente, das regras de modulación e o seu impacto sobre o financiamento per cápita da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

e) Coñecer calquera outra cuestión en materia fiscal e financeira que sexa de interese para a Comunidade Autónoma ou para o Estado.

## CAPÍTULO II

### Recursos da Comunidade Autónoma das Illes Balears

#### Artigo 127. *Competencia e patrimonio.*

1. A Comunidade Autónoma das Illes Balears dispón, para o correcto desenvolvemento e a execución das súas competencias, de facenda e patrimonio propios.

2. A Comunidade Autónoma das Illes Balears ten competencia para ordenar e regular a súa facenda.

3. O patrimonio da Comunidade Autónoma das Illes Balears está integrado polos bens e dereitos dos cales é titular e polos que adquira por calquera título xurídico. Unha lei do Parlamento debe regular a administración, a defensa e a conservación do patrimonio da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

#### Artigo 128. *Recursos.*

No marco establecido na Constitución, neste estatuto, na Lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución e na lexislación que resulte de aplicación, os recursos da facenda da Comunidade Autónoma das Illes Balears están constituídos por:

a) O rendemento dos tributos propios.

b) O rendemento dos tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado.

c) As recargas sobre os tributos estatais.

d) A participación nos ingresos do Estado.

e) As demais transferencias recibidas do Goberno central.

f) Os ingresos procedentes da participación no fondo de compensación interterritorial e outros fondos nos termos que preveña a lexislación estatal.

g) As transferencias e asignacións que se establezan a cargo dos orzamentos xerais do Estado.

h) Os ingresos pola percepción de prezos públicos.

i) Os ingresos procedentes do patrimonio da Comunidade Autónoma das Illes Balears e outros de dereito privado.

j) O produto de emisión de débeda e das operacións de crédito.

k) Os ingresos procedentes de multas e sancións no ámbito das súas competencias.

l) Os recursos procedentes da Unión Europea e de programas comunitarios.

m) Calquera outro recurso que se poida establecer en virtude do que dispoñan este estatuto e a Constitución.

#### Artigo 129. *Competencias en materia tributaria.*

1. A Comunidade Autónoma das Illes Balears participa no rendemento dos tributos estatais cedidos nos termos establecidos pola Lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución. Esta cesión refírese aos rendementos obtidos e pode ir acompañada de cesión de capacidade normativa. Adicionalmente, a cesión, tanto dos rendementos como da capacidade normativa, pode ser parcial ou total en cada caso.

2. No marco das competencias do Estado e da Unión Europea, o exercicio da capacidade normativa a que fai referencia o punto anterior inclúe, se é o caso, a fixación do tipo impositivo, as exencións, as reducións e as bonificacións sobre a base imponible e as deducións sobre a cota.

3. Correspóndelle á Comunidade Autónoma das Illes Balears, nos termos establecidos pola Lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución, a xestión, a recadación, a liquidación, a inspección e a revisión dos tributos estatais cedidos totalmente e estas funcións, na medida en que se atribúan, respecto dos cedidos parcialmente, de acordo co que establece o artigo 133.

4. A Comunidade Autónoma das Illes Balears ten competencia para establecer, mediante unha lei do Parlamento, os tributos propios, sobre os cales ten capacidade normativa, así como recargas sobre os impostos cedidos nos termos que se preveñan na lexislación de financiamento das comunidades autónomas.

### Artigo 130. *Criterios e principios.*

1. O nivel de recursos financeiros de que dispón a Comunidade Autónoma das Illes Balears para financiar os seus servizos e as súas competencias, basearase en criterios de necesidades de gasto e de capacidade fiscal e terá en conta, en todo caso, como variables básicas para determinar estas necesidades, a poboación real efectiva de acordo co artigo 120.2.c) deste estatuto, e a circunstancia do feito insular.

2. A eventual aplicación de regras de modulación que teñan como finalidade restrinxir o alcance dos resultados obtidos no cálculo do nivel de necesidades de gasto establecido no punto anterior, deberase xustificar de maneira obxectiva e realizarase de acordo co disposto na lei orgánica a que se refire o artigo 157.3 da Constitución española.

3. A Comunidade Autónoma das Illes Balears participará no rendemento dos tributos estatais cedidos, de acordo co que estableza a lei orgánica a que se refire o artigo 157.3 da Constitución española.

4. Cando sexa necesario, a Comunidade Autónoma das Illes Balears recibirá recursos dos mecanismos de nivelación e solidariedade. A determinación destes mecanismos realizarase de acordo cos principios de coordinación e transparencia e os seus resultados avaliaranse quinquenalmente.

### Artigo 131. *Actualización do financiamento.*

1. O Estado e a Comunidade Autónoma das Illes Balears procederán á actualización do sistema de financiamento, tendo en conta a evolución do conxunto de recursos dispoñibles e das necesidades de gasto das diferentes administracións, mediante o estudo e a análise da Comisión Mixta de Economía e Facenda.

2. Esta actualización deberase efectuar sen prexuízo do seguimento e, eventualmente, posta ao día das variables básicas utilizadas para a determinación dos recursos proporcionados polo sistema de financiamento.

### Artigo 132. *Endebemento e débeda pública.*

1. A Comunidade Autónoma das Illes Balears pode recorrer ao endebemento e emitir débeda pública para financiar gastos de investimento nos límites que as leis de orzamentos da Comunidade Autónoma determinen, respectando os principios xerais e a normativa estatal.

2. Os títulos emitidos teñen para todos os efectos a consideración de fondos públicos e gozarán dos mesmos beneficios e condicións que os emitidos polo Estado.

### Artigo 133. *Axencia Tributaria.*

1. A Axencia Tributaria das Illes Balears crearase por lei do Parlamento.

2. A xestión, a recadación, a liquidación e a inspección dos tributos propios da Comunidade Autónoma das Illes Balears, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos totalmente á Comunidade Autónoma das Illes Balears, correspóndenlle á Axencia Tributaria das Illes Balears.

3. No marco da Comisión Mixta de Economía e Facenda entre o Estado e a Comunidade Autónoma das Illes Balears acordarase o alcance e as condicións da xestión, recadación, liquidación e inspección dos tributos que lle corresponderán á Axencia Tributaria das Illes Balears.

4. A xestión, a recadación, a liquidación e a inspección do resto de impostos do Estado recadados nas Illes Balears corresponderanlle á administración tributaria do Estado, sen prexuízo da delegación que a Comunidade Autónoma das Illes Balears poida recibir deste, e da colaboración que se poida establecer especialmente, cando así o exixa a natureza do tributo.

Para desenvolver o que se prevé no parágrafo anterior, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Axencia Tributaria poderán establecer os convenios de colaboración que estimen pertinentes.

5. Ambas as administracións tributarias establecerán os mecanismos necesarios que permitan a presentación e a recepción nas respectivas oficinas de declaracións e demais documentación con transcendencia tributaria que deban causar efecto ante a outra administración, o cal facilitará o cumprimento das obrigas tributarias dos contribuíntes.

6. A Axencia Tributaria das Illes Balears pode exercer as funcións de recadación e, se é o caso, de xestión, inspección, liquidación dos recursos titularidade doutras administracións públicas que, mediante lei, convenio, delegación de competencias ou encargo de xestión, sexan atribuídas á Comunidade Autónoma das Illes Balears.

### Artigo 134. *Revisión de reclamacións.*

A Comunidade Autónoma das Illes Balears debe asumir, mediante os seus propios órganos económico-administrativos, a revisión por vía administrativa das reclamacións que os contribuíntes poidan interpoñer contra a aplicación dos tributos ditados pola Axencia Tributaria das Illes Balears naqueles tributos que xestione directamente, sen prexuízo das competencias en materia de unificación de criterio que lle correspondan á Administración xeral do Estado.

Para estes efectos, de acordo coa lexislación aplicable, a Comisión Mixta de Economía e Facenda a que se refire o artigo 125 acordará os mecanismos de cooperación que sexan necesarios para o adecuado exercicio das funcións de revisión da vía económico-administrativa.

## CAPÍTULO III

### Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma das Illes Balears

#### Artigo 135. *O orzamento.*

1. O orzamento xeral da Comunidade Autónoma das Illes Balears ten carácter anual, é único e constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática de todos os gastos e de todos os ingresos das institucións, os organismos, as entidades e as empresas que constitúen o sector público autonómico.

2. Correspóndelle ao Goberno das Illes Balears elaborar e executar o orzamento, e ao Parlamento examinalo, emendalo, aprobalo e controlalo, sen prexuízo do control que lle corresponda á Sindicatura de Comptes e ao Tribunal de Contas.

3. A tramitación parlamentaria do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma das Illes Balears levarase a cabo coas especialidades previstas no regulamento do Parlamento das Illes Balears.

#### Artigo 136. *Estabilidade orzamentaria.*

Correspóndelle á Comunidade Autónoma das Illes Balears o establecemento dos límites e as condicións para conseguir os obxectivos de estabilidade orzamentaria dentro dos principios e da normativa do Estado e da Unión Europea.

## CAPÍTULO IV

### Do financiamento e as facendas dos consellos insulares

#### Artigo 137. *Principios reitores.*

1. As facendas dos consellos insulares réxense polos principios de autonomía financeira, suficiencia de recursos, equidade e responsabilidade fiscal.

O Goberno das Illes Balears vela polo cumprimento destes principios e, para estes efectos, a Administración xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma das Illes Balears establecerán as vías de colaboración necesarias para asegurar a participación do Goberno das Illes Balears nas decisións e o intercambio de información que sexan necesarios para o exercicio das súas competencias.

2. A Comunidade Autónoma das Illes Balears ten competencia, no marco establecido pola Constitución, por este estatuto e pola normativa do Estado, en materia de financiamento dos consellos insulares. Esta competencia inclúe capacidade para fixar os criterios de distribución das participacións a cargo dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

3. Os consellos insulares teñen autonomía orzamentaria e de gasto na aplicación dos seus recursos, incluídas as participacións incondicionadas que perciben a cargo dos orzamentos doutras administracións públicas, das cales poden dispor libremente no exercicio das súas competencias.

4. Garántenselles aos consellos insulares os recursos suficientes para lles facer fronte ás competencias propias, atribuídas expresamente como tales neste estatuto, ou a aquelas que lles sexan transferidas ou delegadas. Toda nova atribución de competencias debe ir acompañada da asignación dos recursos suplementarios necesarios para financiarlas correctamente, de xeito que se teña en conta o financiamento do custo total e efectivo dos servizos transferidos. O cumprimento deste principio é unha condición esencial para que entre en vigor a transferencia ou delegación de competencia, ou sexan asumidas as competencias propias. Para tal efecto, pódense establecer diversas formas de financiamento, incluída a participación nos recursos da facenda da Comunidade Autónoma das Illes Balears ou, se for o caso, do Estado, en proporción ás competencias propias ou ás autonómicas que fosen transferidas ou delegadas.

#### Artigo 138. *Recursos dos consellos insulares.*

1. Mediante unha lei do Parlamento regularase o réxime de financiamento dos consellos insulares fundamentado nos principios de suficiencia financeira, solidariedade e cooperación, que en ningún caso poderá supor unha diminución dos recursos obtidos ata o momento e que establecerá os mecanismos de participación nas melloras de financiamento da comunidade en proporción ás competencias propias, transferidas ou delegadas.

2. A Lei de financiamento dos consellos insulares deberá prever un fondo para garantir un nivel similar de prestación e de eficiencia na xestión dos servizos por parte de cada consello insular no exercicio das competencias autonómicas comúns que lles fosen asignadas e un fondo de compensación para corrixir os desequilibrios que se poden producir.

3. A lei que regula o financiamento dos consellos insulares establecerá os mecanismos de cooperación necesarios entre o Goberno das Illes Balears e os consellos insulares para articular adecuadamente o desenvolvemento e a revisión do sistema de financiamento de acordo cos principios de equidade, transparencia e obxectividade, mediante unha comisión paritaria Goberno-consellos insulares.

## TÍTULO IX

### Da reforma do Estatuto

#### Artigo 139. *Iniciativa.*

1. A iniciativa de reforma corresponderalle ao Parlamento, por proposta dunha quinta parte dos deputados,

ao Goberno da Comunidade Autónoma e ás Cortes Xerais.

2. A proposta de reforma requirirá para prosperar a aprobación do Parlamento por maioría de dous terzos dos deputados e a aprobación das Cortes Xerais mediante unha lei orgánica.

3. En todo o non previsto neste artigo, haberá que aterse ao disposto na Constitución sobre esta materia.

4. No suposto de tramitación no Congreso dos deputados e no Senado dunha proposta de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears, o Parlamento pode-raa retirar.

#### Disposición adicional primeira. *Padroado do Arquivo da Coroa de Aragón.*

Mediante a normativa correspondente do Estado e baixo a súa tutela, crearase e regularanse a composición e as funcións do Padroado do Arquivo da Coroa de Aragón, no cal terá participación a Comunidade Autónoma das Illes Balears, en igualdade co resto das comunidades autónomas afectadas.

Os poderes públicos da Comunidade Autónoma das Illes Balears emprenderán as accións necesarias para facer efectiva a constitución do Padroado.

#### Disposición adicional segunda. *Patrimonio lingüístico común.*

A Comunidade Autónoma das Illes Balears, sendo a lingua catalá tamén patrimonio doutras comunidades autónomas, poderá solicitar ao Goberno do Estado e ás Cortes Xerais os convenios de cooperación e de colaboración que se consideren oportunos para salvagardar o patrimonio lingüístico común, así como para efectuar a comunicación cultural entre as comunidades antes citadas, sen prexuízo dos deberes do Estado establecidos no punto 2 do artigo 149 da Constitución e do que dispón o artigo 145 desta.

#### Disposición adicional terceira. *Entidades e organismos para prestar servizos.*

1. A Comunidade Autónoma das Illes Balears pode constituír entidades e organismos para cumprir as funcións que son da súa competencia e para a prestación de servizos que afecten os intereses da Comunidade Autónoma e demais administracións públicas coa finalidade de promover o desenvolvemento económico e social. Para estes efectos, mediante unha lei do Parlamento regularase a administración instrumental autonómica.

2. A Comunidade Autónoma participará na xestión do sector público económico estatal nos casos e actividades que procedan.

3. O Parlamento das Illes Balears poderá acordar a creación de institucións de crédito propias como instrumentos de colaboración na política económica da Comunidade Autónoma.

#### Disposición adicional cuarta. *Tributos estatais cedidos.*

1. Á entrada en vigor deste estatuto, os tributos estatais cedidos terán a seguinte consideración:

a) Tributos estatais cedidos totalmente:

Imposto sobre sucesións e doazóns.

Imposto sobre o patrimonio.

Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Tributos sobre xogos de azar.

Impostos sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos.

Imposto sobre determinados medios de transporte.

Imposto sobre a electricidade.

## b) Tributos estatais cedidos parcialmente:

Imposto sobre a renda das persoas físicas.  
 Imposto sobre o valor engadido.  
 Imposto sobre hidrocarburos.  
 Imposto sobre os elaborados do tabaco.  
 Imposto sobre o alcohol e as bebidas derivadas.  
 Imposto sobre a cervexa.  
 Imposto sobre o viño e as bebidas fermentadas.  
 Imposto sobre os produtos intermedios.

2. A enumeración dos tributos contida no punto anterior non exclúe a futura participación en impostos non cedidos actualmente. Para estes efectos, a modificación desta disposición non se considerará modificación do Estatuto.

3. O alcance e as condicións da cesión serán fixados pola Comisión Mixta mencionada no artigo 125 que, en todo caso, se referirá a rendementos nas Illes Balears. O Goberno tramitará o acordo da Comisión como proxecto de lei.

Disposición adicional quinta. *Financiamento dos consellos insulares.*

Sen prexuízo do que dispón o capítulo IV do título IV deste estatuto, o financiamento dos consellos insulares e a súa revisión será rexido polo establecido na Lei 2/2002, do 3 de abril, de sistema de financiamento definitivo dos consellos insulares, ou pola norma que a substitúa que, en todo caso, deberá respectar os principios de autonomía financeira, suficiencia financeira e solidariedade, e non poderá supor unha diminución dos recursos obtidos ata o momento e en todo caso participará das melloras de financiamento da comunidade.

Disposición adicional sexta. *Do réxime especial insular das Illes Balears.*

1. Unha lei das Cortes Xerais regulará o réxime especial balear que recoñecerá o feito específico e diferencial da súa insularidade.

2. No marco desta lei, e con observancia das normas e procedementos estatais e da Unión Europea que resulten de aplicación, a Administración xeral do Estado axustará as súas políticas públicas á realidade pluriinsular da Comunidade Autónoma das Illes Balears, especialmente en materia de transportes, infraestruturas, telecomunicacións, enerxía, ambiente, turismo e pesca.

3. Para garantir o anterior, nesa lei regularase un instrumento financeiro que, con independencia do sistema de financiamento da Comunidade Autónoma, dote os fondos necesarios para a súa aplicación.

4. A Comisión Mixta de Economía e Facenda entre o Estado e a Comunidade Autónoma das Illes Balears prevista no artigo 125, será a encargada de facer o seguimento da aplicación da Lei reguladora do réxime especial das Illes Balears. Esta comisión mixta coordinará as comisións interadministrativas que se constitúan ao abeiro da dita lei.

5. O Estado velará para que calquera mellora relativa ao réxime económico ou fiscal dos territorios insulares establecida pola Unión Europea, con excepción das que veñan motivadas exclusivamente pola ultraperifricidade sexa aplicable ás Illes Balears.

Disposición transitoria primeira. *Comisión Mixta de Transferencias.*

1. Para o traspaso de funcións e de servizos inherentes ás competencias que lle corresponden á Comunidade Autónoma das Illes Balears segundo o presente estatuto, crearase unha comisión mixta.

2. A comisión mixta estará integrada paritariamente por vogais designados polo Goberno da Nación e polo da Comunidade Autónoma. Esta comisión mixta establecerá as súas propias normas de funcionamento.

3. Os acordos da comisión mixta adoptarán a forma de proposta ao Goberno do Estado, o cal os aprobará mediante decreto.

Os acordos figurarán como anexos a este e deberán ser publicados simultaneamente no «Boletín Oficial del Estado» e no *Butlletí Oficial de les Illes Balears* e entrarán en vigor a partir desta publicación.

4. Para preparar os traspasos e para verificalos por bloques orgánicos de natureza homoxénea, a comisión mixta de transferencias estará asistida por comisións sectoriais de ámbito nacional, agrupadas por materias, cuxo cometido fundamental será determinar coa representación da Administración do Estado os traspasos de medios persoais, financeiros e materiais que deba recibir a Comunidade Autónoma. As comisións sectoriais trasladarán as súas propostas de acordo á comisión mixta, que as deberá ratificar.

5. A certificación emitida pola comisión mixta dos acordos gobernamentais debidamente promulgados será título suficiente para a inscrición no rexistro da propiedade do traspaso de bens inmobles do Estado á Comunidade Autónoma das Illes Balears. Esta certificación deberá ter en conta os requisitos exixidos pola Lei hipotecaria.

6. O cambio de titularidade nos contratos de alugamento de locais para oficinas públicas ou para outras finalidades que fosen obxecto de transferencia, non facultará o arrendador para extinguir ou renovar os contratos.

Disposición transitoria segunda. *Funcionarios e persoal laboral.*

1. Os funcionarios e o persoal laboral adscritos a servizos de titularidade estatal ou a outras institucións públicas que resulten afectadas por traspasos á Comunidade Autónoma pasarán a depender desta, e seranlles respectados todos os dereitos de calquera orde e natureza que lles correspondan, incluíndo o de poder participar nos concursos de traslado que convoque o Estado, en igualdade de condicións cos demais membros do seu corpo, para así poder exercer en todo momento o seu dereito permanente de opción.

2. A Comunidade Autónoma das Illes Balears disporá dos medios necesarios para que todos os funcionarios e o persoal laboral destinados ás Illes poidan adquirir o coñecemento da lingua e da cultura das Illes Balears.

Disposición transitoria terceira. *Financiamento dos servizos transferidos e comisión mixta.*

1. Ata que non se completase o traspaso dos servizos correspondentes ás competencias fixadas na Comunidade Autónoma neste estatuto ou, en calquera caso, ata que non transcorresen cinco anos desde a súa entrada en vigor, o Estado garantirá o financiamento dos servizos transferidos á Comunidade Autónoma cunha cantidade igual ao custo efectivo do servizo ao territorio da comunidade no momento da transferencia.

2. Coa finalidade de garantir o financiamento dos servizos citados anteriormente, crearase unha comisión mixta paritaria Estado-comunidade autónoma, que adoptará un método dirixido a fixar a porcentaxe de participación prevista no artigo 128 deste estatuto. O método que se seguirá terá presentes tanto os custos directos como os indirectos dos servizos traspasados e tamén os gastos de investimento que sexan necesarios.

3. A comisión mixta do punto precedente fixará a porcentaxe citada mentres dure o período transitorio, cunha antelación mínima dun mes á presentación dos orzamentos xerais do Estado.

4. Partindo do método fixado no punto 2, establece-se unha porcentaxe na cal se considerará o custo efectivo global dos servizos transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma, minorado polo total da recadación que esta terá obtido cos tributos cedidos, en relación coa suma dos ingresos que o Estado obtivese polos capítulos 1 e 2 do último orzamento precedente á transferencia dos servizos avaliados.

Disposición transitoria cuarta. *Normativa de materias transferidas.*

1. As leis do Estado relativas a materias transferidas á Comunidade Autónoma continuarán en vixencia mentres o Parlamento non aprobe unha normativa propia. Corresponderalle ao Goberno da comunidade ou, se é o caso, aos consellos insulares a súa aplicación.

2. As disposicións regulamentarias do Estado continuarán vixentes mentres o Goberno da Comunidade Autónoma non dite ningunha outra de aplicación preferente.

3. Ata que a Administración da Comunidade Autónoma das Illes Balears non asuma as competencias que lle corresponden de acordo co presente estatuto, todos os organismos do Estado ou da administración local continuarán exercendo as funcións e as xurisdicións anteriores.

Disposición transitoria quinta. *Comisión mixta de transferencias Goberno-consellos insulares.*

Para o traspaso das funcións e servizos inherentes ás competencias atribuídas como propias aos consellos insulares a que fai referencia o artigo 69 deste estatuto, creárase unha comisión mixta de Transferencias Goberno-Consellos Insulares que terá carácter paritario. Esta comisión terá o seu propio regulamento de funcionamento, que se aprobará por maioría simple dos seus compoñentes. Os acordos da comisión mixta de transferencias tomarán a forma de proposta ao Goberno das Illes Balears, que as aprobará mediante decreto de traspaso, que se publicará no *Butlletí Oficial de les Illes Balears* e no cal figurará a data de efectividade do traspaso das funcións e servizos a que concirna.

Disposición transitoria sexta. *Comisión técnica interinsular.*

1. Ao promulgarse este estatuto, as institucións de autogoberno das Illes Balears deberán respectar as competencias que os consellos insulares recibisen do ente preautonómico.

2. Por proposta do Goberno da Comunidade Autónoma e, de acordo cunha lei do Parlamento, nomearase unha comisión técnica interinsular encargada de distribuír as competencias a que fai referencia o artigo 70 deste estatuto, así como a fixación do control e a coordinación que, en cada caso, lle corresponda ao Goberno da Comunidade Autónoma, na medida en que sexan asumidas pola Comunidade Autónoma por transferencia ou por delegación do Estado.

3. Integrarán a comisión técnica interinsular vinte vogais, designados: catro polo Goberno da comunidade, e catro por cada un dos consellos insulares de Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera. Esta comisión técnica interinsular fará o seu propio regulamento de funcionamento, que se aprobará por maioría simple dos seus compoñentes.

4. Os acordos da comisión técnica interinsular tomarán a forma de proposta ao Parlamento das Illes Balears, o cal, se é o caso, as aprobará mediante unha lei que terá vixencia a partir da publicación no *Butlletí Oficial de les Illes Balears*.

5. Os puntos 2, 3 e 4 desta disposición transitoria quinta rexerán ata que a lei de consellos insulares que se dite en aplicación deste estatuto non estableza outro procedemento para a transferencia ou a asunción de competencias polos consellos insulares.

Disposición transitoria sétima. *Deputados e conselleiros.*

1. Á entrada en vigor deste estatuto, os consellos insulares de Mallorca, Menorca e Ibiza continuarán integridos, ata a finalización da correspondente lexislatura, polos deputados elixidos para o Parlamento nas illas de Mallorca, Menorca, Ibiza e Formentera.

2. Mentres non estea aprobada a lei do Parlamento que, en aplicación deste estatuto, regule a elección dos membros dos consellos insulares de Mallorca, Menorca e Ibiza, os conselleiros que deban formar parte de cada un destes, elixiranse, coincidindo coa data da elección dos membros do Parlamento das Illes Balears, pero de forma independente, mediante a aplicación dos preceptos da vixente lei electoral da comunidade autónoma, coas especificidades que, respectando o réxime electoral xeral, se expresan a continuación:

a) As circunscricións electorais son as de Mallorca, Menorca e Ibiza.

b) Son electores, en cada illa e respecto do correspondente consello insular, todos os cidadáns españois maiores de idade que, gozando do dereito de sufraxio activo, teñan a condición política de cidadáns da Comunidade Autónoma con motivo de ter veciñanza en calquera dos municipios das respectivas illas de Mallorca, Menorca e Ibiza.

c) Para o exercicio do dereito de sufraxio é indispensable a inclusión no censo electoral único vixente referido ao territorio das Illes Balears en relación con cada unha das respectivas illas.

d) Son elixibles, na correspondente circunscrición, todos os cidadáns que, tendo a condición de electores na súa illa respectiva, non estean incurso nalgunha das causas de inelixibilidade previstas nas disposicións comúns da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

e) Son inelixibles os incluídos nos supostos a que fai referencia o artigo 3.2 da Lei electoral da comunidade autónoma e os senadores elixidos en representación da Comunidade Autónoma.

f) Ningún electo que estea incurso nunha causa de incompatibilidade segundo o disposto no artigo 5 da Lei electoral da Comunidade Autónoma das Illes Balears adquirirá a condición de conselleiro insular. A aceptación, por parte dun conselleiro electo, dun cargo, dunha función ou dunha situación que sexan constitutivos dunha causa de incompatibilidade ocasionará o cesamento na súa condición de conselleiro insular.

g) As eleccións aos consellos insulares de Mallorca, Menorca e Ibiza terán lugar coa intervención da Xunta Electoral das Illes Balears como administración electoral con todas as competencias establecidas na lei.

h) A convocatoria de eleccións aos consellos insulares de Mallorca, Menorca e Ibiza será realizada por decreto do presidente da Comunidade Autónoma, de acordo coas condicións e os prazos establecidos no artigo 42.3 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, logo de solicitude realizada polos consellos respectivos coa pertinente antelación, mediante acordo plenario. O decreto de convocatoria deberase publicar no *Butlletí Oficial de les Illes Balears*.

i) O Consello Insular de Mallorca estará integrado por 33 conselleiros, o de Menorca por 13 conselleiros e o de Ibiza por 13 conselleiros. A duración do mandato será de catro anos.

j) Para os efectos da atribución de escaños, non se terán en conta aquelas candidaturas que non obtivesen cando menos o 5% dos votos válidos emitidos na circunscrición electoral, e a atribución dos escaños ás candidaturas realizarase de conformidade co que se dispón nas letras b), c), d) e f) do artigo 163.1 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, en cada unha das circunscricións electorais.

3. Unha vez realizadas, vixente este estatuto, as correspondentes eleccións locais, no prazo máximo de 45 días, constituirase o Consello Insular de Formentera que será integrado polos concelleiros que fosen elixidos nas citadas eleccións ao Concello de Formentera.

Disposición transitoria oitava. *Consello Insular de Formentera.*

1. Ata que o Consello Insular de Formentera non asuma efectivamente as competencias que lle corresponden de acordo con este estatuto, o Consello Insular de Ibiza continuará exercéndoas en relación coa illa de Formentera.

2. Constituirase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada polos representantes nomeados polo Goberno, o Consello Insular de Ibiza e o Concello de Formentera, con obxecto de proceder á elaboración da correspondente proposta de transferencias que se deban producir a partir da constitución do Consello Insular de Formentera.

A transferencia das competencias que inicialmente asuma o Consello Insular de Formentera na súa constitución levarase a cabo mediante unha lei do Parlamento das Illes Balears que entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial del Estado* deste estatuto de autonomía das Illes Balears.

3. O Goberno das Illes Balears asumirá os gastos ocasionados polo establecemento e a efectividade das competencias transferidas no que excedan da valoración ordinaria do seu custo efectivo.

4. En caso de renuncia á asunción das competencias por parte do Consello Insular de Formentera, estas serán exercidas polo Goberno das Illes Balears.

Disposición transitoria novena. *Investimentos do Estado.*

1. Mentres as Cortes Xerais, en aplicación do previsto na disposición adicional sexta non aproben a modificación da Lei 30/1998, do 29 de xullo, do réxime especial das Illes Balears e, en todo caso, nun prazo non superior a sete anos, o investimento do Estado establecerase atendendo ao investimento medio per cápita realizado nas comunidades autónomas de réxime común, determinado con acordo á normativa estatal, homoxeneizando as actuacións investidoras realizadas nas ditas comunidades para permitir a súa comparabilidade e tendo presentes as circunstancias derivadas dos feitos diferenciais e excepcionais da Comunidade Autónoma das Illes Balears con incidencia na cuantificación do investimento público.

2. Para lle facer fronte a este compromiso investidor, o Goberno da Comunidade Autónoma das Illes Balears proporalle ao Ministerio de Economía e Facenda os oportunos convenios para a execución dos programas e accións estatais sobre I+D+I, transportes, portos, ambiente, ferrocarrís, estradas, obras hidráulicas, protección do litoral, costas e praias, parques naturais e infraestruturas turísticas.

3. A Comisión mixta de economía e facenda encargárase do seguimento da execución dos compromisos anteriores.

Disposición transitoria décima. *Comisión Mixta de Economía e Facenda.*

A comisión mixta de economía e facenda entre o Estado e a Comunidade Autónoma das Illes Balears que establece o artigo 125 débese crear no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste estatuto.

Mentres non se constituía, a comisión mixta prevista no artigo 73 do Estatuto de autonomía das Illes Balears aprobado pola Lei orgánica 2/1983, do 25 de febreiro, de Estatuto de autonomía das Illes Balears, na redacción dada pola Lei orgánica 3/1999, do 8 de xaneiro, de reforma da Lei orgánica 2/1983, do 25 de febreiro, de Estatuto de autonomía das Illes Balears, asume as súas competencias.

Disposición transitoria décimo primeira. *Axencia Tributaria.*

A Axencia Tributaria das Illes Balears a que se refire o artigo 133 débese crear por lei do Parlamento no prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste estatuto.

As funcións que en aplicación deste estatuto lle correspondan á Axencia Tributaria das Illes Balears serán exercidas, ata a data en que se constituía, polos órganos que as desenvolvan ata ese momento.

Disposición derradeira. *Vixencia.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**4234** *CORRECCIÓN de erros da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007. («BOE» 52, do 1-3-2007.)*

Advertidos erros na Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 1 en lingua galega, do 1 de xaneiro de 2007, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Páxina 23, artigo 32, punto Un, na liña 7, onde di: «o previsto na alínea d) do artigo 27.Un desta lei.», debe dicir: «o previsto na alínea d) do artigo 23.Un desta lei.».

Páxina 31, artigo 45, punto Tres, no cadro de «Complementos para mínimos», na primeira cela correspondente a Pensión de xubilación ou retiro con cónxuxe a cargo, onde di: «602 euros/mes», debe dicir: «602,52 euros/mes».

Páxina 71, Disposición adicional cuarta, no título do cadro II, onde di: «Códigos CNAE e título da actividade económica», debe dicir: «Tipos aplicables a ocupacións e situacións en todas as actividades».

Páxina 73, Disposición adicional décimo segunda, punto Catro, quinta liña, onde di: «disposicións adicionais primeira, segunda e oitava desta lei», debe dicir: «disposicións adicionais primeira, segunda e novena desta lei».

Páxina 74, Disposición adicional décimo cuarta, punto Dous, terceira liña, onde di: «citada Lei 49/2002 elevaranse...», debe dicir: «...citada Lei 49/2002, do 23 de decembro, elevaranse...».

Páxina 75, Disposición adicional vixésima, punto Un, sétima liña, onde di: «...emprego, que se describen no...», debe dicir: «...emprego, que se describan no...».